


DIARIO DE SESIÓNS



PARLAMENTO DE GALICIA

II LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Tomás Pérez Vidal

Sesión Plenaria n.º 116

Celebrada o xoves 16 de marzo de 1989

ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto único: (Continuación)

-Debate de política xeral sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia.

SUMARIO

Reanúdase a Sesión ás once e quince minutos da mañá.

Continúa a Orde do Día.

-Debate de política xeral sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia (Continuación).... páx. 7866

-Debate das propostas de resolución.....páx. 7866

O señor Presidente explícalle á Cámara o xeito no que se desenvolverá o debate destas propostas. Cuestión de orde do señor Nogueira Román que non é recollida pola Presidencia. Cuestión de orde do señor Vázquez Portomeñe solicitando aclaración respecto do debate. O señor Presidente acláralle que, despois da presentación das propostas de cada Grupo, só haberá un turno en contra.

O señor Beiras Torrado presenta as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do BNG. A seguir, o señor Nogueira Román presenta as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG. Turno en contra do señor Beiras Torrado (Grupo Parlamentario Mixto, BNG). O señor Vázquez Portomeñe presenta as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. O señor Olives Quintás presenta as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG. O señor Carro Fernández-Valmayor presenta as propostas de resolución formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas. Turno en contra do señor Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto, PSG-EG). O señor Sánchez Castiñeiras presenta as propostas de resolución formuladas polo Grupo Parlamentario Coalición Galega.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor Presidente explícalle á Cámara que se vai proceder a efectua-la votación das distintas propostas de resolución pola orde de entrada no Rexistro. Cuestións de orde de varios señores Deputados en relación coas negociacións das propostas de resolución entre os Grupos. O señor Presidente solicitalles ós Portavoces dos Grupos Parlamentarios que se acerquen á Mesa para tratar este asunto. O señor Presidente suspende a Sesión.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

-Votación das propostas de resolución.....páx. 7884

O señor Presidente manifesta que o señor Secretario dará lectura ás propostas de resolución modificadas, e que se vai proceder á votación de tódalas propostas de resolución presentadas. O señor Secretario (Núñez Carreira) dá lectura á primeira das propostas de resolución, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do señor Beiras Torrado, coas modificacións introducidas.

Sometida a votación a proposta de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do señor Beiras Torrado, coas modificacións introducidas, foi aprobada por 41 votos a favor e 25 abstencións.

Sometida a votación a segunda proposta de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do señor Beiras Torrado, foi rexeitada por 7 votos a favor, 33 en contra e 30 abstencións.

Sometida a votación a terceira proposta de resolución formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do señor Beiras Torrado, foi rexeitada por 7 votos a favor, 30 en contra e 26 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 1 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 6 votos a favor, 35 en contra e 28 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 2 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 6 votos a favor, 25 en contra e 38 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 3 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 6 votos a favor, 28 en contra e 35 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 4 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 27 en contra e 35 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 5 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 6 votos a favor, 28 en contra e 35 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 6 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 27 en contra e 35 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 7 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 35 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 8 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 35 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 9 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 6 votos a favor 35 en contra e 28 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 10 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 35 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 6 votos a favor, 36 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 13 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 35 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 14 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 35 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 15 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 7 votos a favor, 35 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 16 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 5 votos a favor, 35 en contra e 29 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 17 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, foi rexeitada por 5 votos a favor, 35 en contra e 29 abstencións.

Os señores Beiras Torrado e Carro Fernández-Valmayor solicitan que na votación das propostas o señor Presidente as nomee polo número de Rexistro de entrada. Cuestión que é recollida polo señor Presidente.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.496 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 32 votos a favor, 35 en contra e 2 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.497 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 29 votos a favor, 36 en contra e 4 abstencións.

O señor Presidente rógalle ó señor Secretario que dea lectura ó texto transaccionado na proposta de resolución n.º 11.498, formulada polo Grupo Parlamentario Popular. Así o fai o señor Secretario (Núñez Carreira).

Sometido a votación este texto transaccionado foi aprobado por unanimidade. En consecuencia, figura como texto definitivo da proposta de resolución n.º 11.498, do Grupo Parlamentario Popular.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.499 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 68 votos a favor, e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.500 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 27 votos a favor, 36 en contra e 5 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.501 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 27 votos a favor, 35 en contra e 7 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.502 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 27 votos a favor, 36 en contra e 6 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.503 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 33 votos a favor, 35 en contra e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.504 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 30 votos a favor, 36 en contra e 3 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.505 formulada polo Grupo Parlamentario Popular, foi rexeitada por 33 votos a favor, 35 en contra e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.506 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 27 votos a favor, 3 en contra e 29 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.507 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 43 votos a favor e 26 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.508 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 41 votos a favor, e 28 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.509 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 42 votos a favor, e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.510 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 42 votos a favor, e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.511 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 37 votos a favor, e 32 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.512 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 40 votos a favor, e 29 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.513 formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PNG, foi aprobada por 38 votos a favor, e 31 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.515 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.516 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.517 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 68 votos a favor e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.518 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 41 votos a favor, 2 en contra e 26 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.519 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.520 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.521 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 41 votos a favor e 28 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.522 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 40 votos a favor e 29 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.523 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 36 votos a favor, 3 en contra e 30 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.524 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.525 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.526 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.527 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por 38 votos a favor, 3 en contra e 28 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.528 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, foi aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.529 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 38 votos a favor e 31 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.530 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 40 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.531 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 37 votos a favor e 31 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.532 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.533 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.534 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 41 votos a favor e 28 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.535 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 36 votos a favor, 1 en contra e 32 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.536 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 42 votos a favor e 26 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.537 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 36 votos a favor e 31 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.538 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 42 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución n.º 11.539 formulada polo Grupo Parlamentario Coalición Galega, foi aprobada por 41 votos a favor e 28 abstencións.

Explicación de voto dos señores Beiras Torrado (Grupo Parlamentario Mixto), Mella Villar (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto), Olives Quintás (Grupo Parlamentario Mixto), Sánchez Castiñeiras (Grupo Parlamentario Coalición Galega), Carro Fernández- Valmayor (Grupo Parlamentario dos Socialistas) e Vázquez Portomeñe (Grupo Parlamentario Popular). Intervención do señor Presidente da Xunta (González Laxe).

O señor Presidente levanta a Sesión.

Levántase a Sesión.

Eran as dezaioito e cincuenta e oito minutos da tarde.

Reanúdase a Sesión. Eran as once e quince minutos da mañá.

DEBATE DE POLITICA XERAL SOBRE A SITUACION ACTUAL E AS PERSPECTIVAS DE FUTURO (Continuación).

DEBATE DAS PROPOSTAS DE RESOLUCION

O señor PRESIDENTE: Continúa a Sesión.

A orde de defensa será a do Rexistro, agrupadas as propostas de cada Grupo Parlamentario. Para o conxunto de propostas de cada Grupo haberá regulamentariamente un turno a favor e un turno en contra, que será de dez minutos para cada Grupo. Despois da defensa de tódalas propostas, procederase á votación pola mesma orde. E acabadas as votacións, haberá a posibilidade de explica—lo voto por cinco minutos.

En relación coa admisión a trámite das propostas de resolución presentadas, a Mesa non admitiu a n.º 12 nin a n.º 18 do señor Nogueira Román, por non ser congruentes coa materia obxecto de debate.

Señor Nogueira, ¿para que pide a palabra?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Para unha cuestión de orde, señor Presidente. Para poñer de manifesto, se me dá ocasión de facelo así, a miña postura respecto da motivación destas resolucións e por que se considera que son ...

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, non procede abrir un debate da Súa Señoría coa Mesa do Parlamento. A Mesa calificounas, e non admitiu a n.º 12 nin a número 18. Non hai lugar a un debate sobre isto.

O señor NOGUEIRA ROMAN: En todo

caso, señor Presidente, rogaríalle se fose posible que se dese lectura ás resolucións.

O señor PRESIDENTE: Non están admitidas a trámite, señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Moitas grazas, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Defensa das propostas de resolución ns. 1, 2 e 3 presentadas polo señor Beiras Torrado.

(O señor Portomeñe pide a palabra).

Un momento, señor Beiras. ¿Para que pide a palabra, señor Portomeñe?

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Formúlea.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Simplemente para que a Mesa nos clarifique se os turnos son sempre en contra ou a favor, ou se hai turnos de Portavoces tamén.

O señor PRESIDENTE: Cada Grupo presentará as súas propostas de resolución, e existe un único turno en contra delas.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor Presidente, sigo sen entender. Repítolle a pregunta: presentadas as propostas por un Grupo determinado da Cámara, ¿a postura dos demais Grupos ten que ser forzosamente a de manifestarse ou ben en turno en contra ou ben en turno a favor?

O señor PRESIDENTE: Non é así, señor Portomeñe. Despois de presentadas as propostas por un Grupo

Parlamentario, só cabe unha única intervención en contra, e non hai máis, nin a favor nin doutro tipo: artigo 141, parágrafo 3º do Regulamento.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Volve entón a que me clarifique aínda máis, señor Presidente. ¿Quérese dicir que detrás de cada presentación tan só pode haber a intervención de calquera Grupo sempre que sea en contra?

O señor PRESIDENTE: Exactamente, señor Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Moitas grazas, señor Presidente.

(O señor Nogueira pide a palabra).

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, formule a cuestión de orde.

O señor NOGUEIRA ROMAN: ¿En contra de todo ou en contra de parte das resolucións, señor Presidente?

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, enténdese que é en contra das resolucións defendidas.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pero as resolucións son moi diversas, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Cada Grupo saberá matizar na súa intervención.

O señor NOGUEIRA ROMAN: O normal sería que houbese en cada resolución ...

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, a Presidencia e a Mesa limitanse a aplicar o Regulamento.

Reitérolle que é no artigo 141, apartados 2 e 3, onde se establece esta ordenación.

Señor Beiras, ten cinco minutos para presentar as súas propostas de resolucións.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, unha pregunta inicial. ¿Poderíame adxudicar a min o tempo que eu estiven calado e que se consumiu en cuestións de orde?

O señor PRESIDENTE: Evidentemente non ...

O señor BEIRAS TORRADO: Moitas grazas. Xa o supoñía, pero como se piden tantas aclaracións, eu tamén as pido.

Señor Presidente, Señorías, brevemente, porque o BNG entende que do que se trata é de presentar propostas de resolucións para que o Parlamento decida se as acepta ou non, e coido que o máis importante será que se nos dea un tempo despois da presentación para que os Portavoces dos Grupos Parlamentarios poidamos ter un intercambio de impresións, e, se é o caso, establecer negociacións. Isto, como case é unha cuestión de orde, supoño que no mo computará nos cinco minutos.

Señorías, o BNG onte espuxo unha serie de liñas de accións programáticas, que deberían ser contidos de Goberno, na súa opinión, por suposto. A hora de presentar propostas de resolucións, o BNG o que non quixo facer foi traer aquí propostas de resolución e cuestións que fosen parte dos contidos de alternativas programáticas que o propio BNG enunciou onte, ou que podería ter enunciado con anterioridade. Non o quixo facer porque isto sería algo así como intentar traer a esta Cámara, para facelas asumir pola mesma, propostas que son específicas do BNG, e polo conseguinte que teñen un contido e unha concep-

ción ideolóxico--política definida, e unha visión do que é a orde de prioridades de acción política de Goberno para este país, no seu conxunto, ordenada evidentemente con arreglo a eses criterios de prioridade.

En troques, á hora de presentar propostas de resolución, o BNG optou por presentalas respecto dalgunhas cuestións concretas, ailladas en si mesmas, que considera que son problemas ós que este Parlamento debe dar unha resposta con toda urxencia. Niso centrou a súa plasmación, a súa formulación de propostas de resolución.

Quero deixar isto moi claro, porque se cadra doutro xeito podería parecer que o BNG é incongruente cando por unha banda onte fai toda unha formulación, insisto, sistemática dun repertorio de liñas de acción de Goberno por orde de prioridades, e hoxe, en troques, en vez de remitirse a iso e catapultalo aquí en forma de propostas de resolucións tira aparentemente por outro lado e refírese a cuestións puntuais.

Estas tres cuestións puntuais son as seguintes: A problemática das industrias derivadas da madeira, e fundamentalmente polo tanto do monte ou da produción forestal; a problemática das vías de comunicación; e a problemática do idioma e da cultura galega.

Están plasmadas nos seguintes termos. En primeiro lugar, estanse tramitando --aínda que en concreto non sei en que fase están neste momento-- e están presentadas unha serie de iniciativas para o establecemento de plantas de produción de pasta de celulosa por procedementos químicos. E tamén, Señorías, está a piques de ser debatida neste Parlamento, porque xa superou toda a fase de tramitación de recollida de sinaturas, e tódolos trámites requiridos, unha iniciativa lexislativa popular co respaldo de máis de 35.000 sinaturas de cidadáns galegos para debater, e se é o caso

sacar a adiante, un texto legal sobre a política forestal.

Entón nós nesta proposta de resolución solicitamos ou propoñemos que, dadas as previsións contempladas na Proposición de Lei de iniciativa lexislativa popular para a defensa e recuperación do noso patrimonio forestal, e en concreto sobre a diversificación da produción forestal, facendo uso das competencias recollidas no Estatuto de Autonomía, nos artigos 27, 29 e 31, se suspenda cautelarmente o proceso de autorización para a instalación de industria de fabricación de pasta de papel por procedementos químicos no solo galego.

E moi simple, Señorías. A suspensión cautelar está contextualizada no horizonte do debate desta proposición de lei de iniciativa lexislativa popular. Por conseguinte, non é unha suspensión cautelar "sine die". Simplemente é para evitar que nos atopemos con feitos consumados.

Coido que calquera Deputado responsable se dá de conta de que o establecemento neste momento dunha planta de importante capacidade de produción de pasta química de papel incide decisivamente sobre a política forestal e sobre as posibilidades do que fose, se é o caso, en hipótese, aprobado por este texto lexislativo. Polo tanto é unha medida cautelar en defensa de algo que ademais é unha iniciativa popular coa sinatura de milleiros e milleiros de cidadáns. Isto por unha banda.

Segunda cuestión. Respecto das vías de comunicación, nós presentamos unha proposta con tres puntos moi concisos. No primeiro propoñemos que se cree unha Comisión Mixta --naturalmente deste Parlamento, pero con carácter mixto ou aberto, e iso está regulado no propio Regulamento desta Cámara-- coa finalidade específica de elaborar urxentemente un plan de gaseodutos, vías de comunicación por estradas e camiños de ferro que, tendo en con-

ta os imperativos de desenvolvemento do país, mellore a súa infraestructura e facilite os transportes interiores e as relacións ou comunicacións con Portugal e co resto da Península.

Quero dicir que con isto non se pretende de ningunha maneira subrogarse na iniciativa do Goberno, nin tampouco polo tanto desprazar ó Goberno. Por iso se propón unha Comisión Mixta do Parlamento --mixta e polo tanto aberta--, pero que funcione como tal Comisión do Parlamento. Por conseguinte, non ten as atribucións que ten o Poder Executivo, o Goberno Galego. E, en cambio, sería unha plataforma pola que...

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras...

O señor BEIRAS TORRADO: ¡Señor Presidente, por Deus!

O señor PRESIDENTE: Rógolle que remate.

O señor BEIRAS TORRADO: Rógolle, señor Presidente, que teña un pouquiño de flexibilidade cun Deputado que é enormemente moderado no uso da palabra. Porque se non teño tempo nin sequera de explicar minimamente en que consisten as propostas de resolución, entón, Señorías...

O señor PRESIDENTE: Ten dous minutos máis e rógolle que se axuste.

O señor BEIRAS TORRADO: Moitas grazas. Vou ser breve e axustarme ós dous minutos.

Polo tanto, que a través da Comisión Mixta se dea unha apertura, unha intercomunicación dado que o espectro de forzas políticas da Cámara xa representa un espectro da

sociedade. Ademais, ó ser mixta e aberta permite unha intercomunicación, mesmo con portavoces, técnicos, especialistas ou representantes, se é o caso, de forzas sociais. E isto non ten por que interferir coas atribucións do Goberno. Pode potenciar e, mesmo, pode complementar e darlle un aval parlamentario a esas propostas.

Non leo xa os puntos dous e tres porque son simplemente aclaratorios do primeiro.

E remato coa terceira proposta. Refírese ó idioma. Refírese ó idioma no eido específico dos medios de comunicación públicos galegos, ou sexa, da Comunidade Autónoma, para facelos funcionar como vehículos de promoción da lingua e da cultura galega, usando aquela de forma exclusiva e servindo fundamentalmente de espallamento desta. Sei moi ben que en principio esta é a pauta xenérica dos comportamentos dos medios. Pero está claro que hai un proceso de desarme lingüístico e hai un proceso de non desenvolvemento desta función, e polo tanto de garantías de que vai a adiante de feito a normalización lingüística aprobada por lei, ou regulada por lei. E propoñemos cumprir, polo tanto, a lexislación favorable á normalización do galego no ensino e na Administración, adoptando ademais novas medidas que fagan avanzar--lo uso do noso idioma como vehicular neses ámbitos. Como vehicular, non como protocolario.

Non vaíamos atoparnos con que neste país pasamos dunha situación histórica de diglosia, no propio senso da palabra, a unha especie de diglosia invertida, onde hai unha serie de persoas que traballan, xa sexa nos medios de comunicación, xa sexa na Administración ou nos medios políticos, e nos actos protocolarios ou na función estritamente laboral utilizan o galego, pero na súa relación constante están utilizando, mesmo dentro deses ámbitos, o idioma español. Por conseguinte, estase convertendo isto nunha situación diglósica, que é

unha das razóns polas que tantas veces se cometen erros sintácticos de linguaxe e castrapismos, ou situacións absolutamente impensables, e iso en medios de comunicación ou nesta propia Cámara, por exemplo.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Turno en contra. (Pausa).

Señor Olives, ¿pide a palabra para o turno en contra?

O señor OLIVES QUINTAS: Señor Presidente, non exactamente...

O señor PRESIDENTE: Pois entón, señor Olives, non ten a palabra...

O señor OLIVES QUINTAS: Pero é que quería expresar sobre as tres propostas...

O señor PRESIDENTE: Señor Olives, non ten a palabra.

Presentación de propostas de resolución do Grupo Mixto, a iniciativa do PSG--EG.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, non teño tempo para le--las resolucións. Farei o posible para expoñelas o máis sinteticamente, poñendo de releve o seu senso.

Na primeira resolución pedimos que se produza un acordo nacional galego para reivindicar e lograr de inmediato a participación de Galicia, en inequívoca igualdade co resto das CCAA, nos plans estratégicos de infraestructuras e de desenvolvemento industrial e, en xeral, económico do Estado. Pedimos isto para que se lle resposte ó sentir xeral da sociedade galega.

Na segunda resolución solicitamos deste Parlamento que inste á Xunta a presentar, dentro do Plan de Desenvolvemento 1989--93, un Plan Galego de Emprego, utilizando tódolos fondos, mois especialmente o Fondo Social Europeo, e como o reclaman as centrais sindicais, moi especialmente as centrais nacionalistas CXTG INTG.

Na terceira resolución reclamamos --tamén onte se pediu por outras voces neste Parlamento-- que a Xunta de Galicia estableza as prioridades das autovías. Todos queremos moitas autovías de unión coa meseta. Queremos que a Xunta de Galicia diga cal quere a primeira, cal a segunda e cal a terceira. Porque a non definición da Xunta --sen disculpar en absoluto ó Estado-- posiblemente estea impedindo que se fagan de contado. E os localismos actuantes en Galicia foron postos de manifesto neste Parlamento; de tal forma que posiblemente na mente do MOPU estea como prioritaria xustamente a autovía que se os galegos decidisemos unitariamente poñeríamos de terceira e nunca de primeira.

Por iso pedimos que a Xunta de Galicia estableza as prioridades: primeira, segunda e terceira, non cantas, senón cal é a primeira, cal a segunda e cal a terceira, desde este momento xa.

Na cuarta resolución pedimos que haxa unha autovía --a primeira, claro está-- antes de 1992 --polo tanto modificando o Plan Estatal 1984--91--, en inequívoca igualdade coas outras Comunidades Autónomas.

Na quinta resolución pedimos que Galicia se incorpore á anchura da vía europea, que é fundamental, e ó tren de alta velocidade, que tamén é importantísimo, como o resto das Comunidades Autónomas. Recordo, Señorías, que Galicia na división do Estado en sectores está de última, despois das liñas que están no Plan de Transporte Ferroviario: Andalucía occidental, Madrid, Levante e eixo mediterráneo,

Irún, mediterráneo, centro norte, conexións con Portugal e centro Galicia; a seguir xa son frocos das outras Comunidades Autónomas. Queremos que non estea de última, senón igual có resto das Comunidades Autónomas.

Na resolución sexta pedimos que se inclúa a Galicia nos plans de condución de gas estatais.

Nas resolucións sétima e oitava queremos que Galicia presente un plan específico de desenvolvemento ante a CEE. Se non temos un plan específico de desenvolvemento de Galicia, non témo-lo espello, é dicir, o marco comunitario de apoio especial para Galicia. Este plan específico debe absorbe-lo 80% dos fondos estruturais, sobre todo do FEDER, que cheguen ó Estado, a parte que nos corresponde dese 80% que van para as Comunidades Autónomas do obxectivo número un, é dicir, o 12,691%. E esta cifra de tódolos fondos é 212.500 millóns de pesetas nos próximos cinco anos. E isto, e ningunha outra cousa, é o que temos que presentar na CEE: os proxectos que queremos que se cofinancien con estes 212.500 millóns de pesetas. Cifra extraordinariamente positiva, señores, se chega a Galicia, e extraordinariamente negativa se non chega, e se non chega é porque así o decide o Goberno Central, non a CEE.

Na resolución novena propoñemos que se estableza no Parlamento, pola canles regulamentarias oportunas, unha Comisión Especial de Desenvolvemento do Estatuto de Autonomía. Tamén se dixo onte nesta Cámara que se non o facemos así quedaremos fóra de xogo, non só das nacionalidades históricas, senón, mesmo, das Comunidades Autónomas do artigo 143, e esa operación de igualación das competencias é un perigo que está sempre sobre nós.

Na resolución n° 10 queremos que se reclame un novo sistema de financiamento autonómico, con investimentos novos, coa participación do Fondo de Solidariedade.

Voulles dar unha nova, Señorías. Seica están estudiando un Fondo de Solidariedade onde participarían as Autonomías que teñan menos do 75% da media do Estado. Que o confirme o Conselleiro de Economía. Se é así ó mellor Galicia queda fóra do Fondo de Solidariedade. Non sabemos cal é a posición da Xunta de Galicia nunha cuestión como esta, tan transcendental.

Na resolución n° 11 reclamamos que os Concellos galegos reciban estrictamente en función da poboación de Galicia o Fondo Nacional de Cooperación Municipal. Perdemos cada ano miles e miles de millóns de pesetas en prexuício de tódolos Concellos galegos, especialmente os de menos poboación. O Parlamento debe manifestarse neste senso.

A resolución n° 12 non foi aceptada pola Mesa. Polo tanto non a menciono.

Na resolución n° 13 queremos que a Xunta presente neste Parlamento un plan de normalización do galego na Administración Autónoma como lingua primeira de Galicia.

Na resolución n° 14 reclamámola transferencia inmediata do INSALUD neste ano, cun mínimo para 1990 de 140.000 millóns de pesetas, é dicir, 40.000 millóns de pesetas máis. ¡Cantas autovías se podían facer con iso e cantos hospitais! O que reclama o Goberno neste momento son 40.000 millóns de pesetas máis, segundo nos corresponde en igualdade de trato coas outras Comunidades Autónomas.

Na resolución n° 15 pedimos que se reúna a Comisión Mixta de Transferencias, de tal xeito que lle presente ó Goberno do Estado un plan definitivo de transferencias de medios materiais, persoais e económicos para que o Estatuto estea cumprido estrictamente. Señorías, eu pertenzo á Comisión Mixta de Transferencias. Reuníme unicamente un día en Madrid hai preto dun ano, e non me volveron chamar. Este é o diálogo co Goberno do Es-

tado que pide o noso Presidente da Xunta de Galicia.

Na resolución n° 16 reclamamos que a Xunta de Galicia se poña de acordo, que negocie cos grupos industriais agroalimentarios galegos un plan para que se poña en marcha MAFRIESA, tendo en conta o extraordinario futuro que lle debe esperar á agricultura cárnica galega e á industria cárnica do noso país. Pedimos que negocie cos grupos agroalimentarios.

Na resolución n° 17 pedimos que non se permita a instalación de celulosas en Galicia, agás se se cumpren as catro condicións sabidas: a transformación íntegra da pasta en papel; a non contaminación en prexuício do medio ambiente e doutras actividades productivas; a existencia dunha política forestal non contradictoria coa prioridade gandeira e agrícola da agricultura galega; e a negociación do peche da fábrica de ENCE en Pontevedra, para ser substituída por outra actividade industrial naquela comarca.

As propostas, Señorías, refírense estrictamente a problemas nos que se reflexa dunha forma xeral o estado da nosa Autonomía. Espero, polo tanto, que por responsabilidade se voten favorablemente, como nós esperamos tamén votar favorablemente outras resolucións.

O señor PRESIDENTE: ¿Turno en contra? (Pausa).

Ten a palabra o señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Si, señor Presidente, aínda que pareza raro que eu pida o turno en contra, teño que pedilo porque non teño outra forma. Hai unha proposta de resolución, a n° 17, respecto da cuestión das celulosas, que é contradictoria coa nosa.

Nós sostemos que o máis importante, e ademais o que é asumible, é unha suspensión cautelar das con-

cesións, das licencias, para establecemento de celulosas, no prazo de tempo que xa expuxen, condicionado ó que xa expuxen. Porque nós estamos convencidos de que o debate da iniciativa lexislativa popular sobre a política forestal xa vai ser un debate sobre a política forestal, e con independencia de que a lei resulte tomada en consideración ou non, nese debate sairán necesariamente as posicións do Goberno e a explicitación da política forestal, se é o caso.

Polo tanto, isto parécenos que é asumible. Mentres que a resolución do PSG--EG en realidade establece catro condicións, das cales unha, a non contaminación, é imposible de realizar. Hoxe non existe, que eu saiba, tecnoloxía nos procedementos químicos que na realización de pasta de papel evite a contaminación, pode reducila, pero a non contaminación é inviable. Verbalmente a resolución no texto é moi rotunda, moi radical, pero é perfectamente inviable, mentres que a nosa nos parece que é asumible.

Esta é a razón pola cal nós nos manifestamos en contra da resolución n° 17. Non quixeramos facelo, pero dado que está presentada a nosa e é contradictoria con esta, temos que defende-la nosa. Por iso intervín neste turno en contra estrictamente respecto da n° 17 do PSG--EG.

Gracias.

O señor PRESIDENTE: Presentación das propostas de resolución do Grupo Popular de Galicia, numeradas da 11.496 á 11.405.

Ten a palabra o señor Portomeñe, por un tempo de dez minutos.

O señor VAZQUEZ PORTOMENÉ: Señor Presidente, Señorías, con dez minutos xa se pode dar algunha explicación. Se fosen cinco minutos limitárame a dicirlles ás Súas Señorías que as votasen, que son ex-

traordinarias. Desta forma voules demostrar que as nosas proposicións son efectivamente extraordinarias.

A primeira delas refírese a que o señor Padín --dicímosllo ó Goberno Galego, pero esta tarefa é do señor Padín--, se lle parece oportuno, faga un estudio inmediato das necesidades sanitario--asistenciais de Galicia, con especial referencia ás áreas sanitarias de Vigo e Santiago, para esixir seguidamente, da Administración Central, de acordo cos resultados deste estudio, a consignación nos próximos Presupostos das cantidades necesarias para realiza--los investimentos que permitan corrixir eses déficits que o señor Padín xa sabe que existen. E facemos isto para axudar á Consellería de Sanidade, e a Galicia que nos importa moito máis, a que desaparezan eses 270 días de listas de espera aquí no partido de Santiago, a que desaparezan eses 270 días de lista de espera na súa cidade de Vigo.

A segunda proposta, tamén na área saniratia, refírese ó establecemento dunha negociación ininterrompida para acadar--lo INSALUD. Damos unha serie de normas, consignas ou orientacións que dalgunha forma puidesen garantir que as transferencias se fixesen nas condicións económicas que Galicia necesita e convertesen ó INSALUD nun verdadeiro instrumento de reequilibrio, e nun verdadeiro instrumento para corrixir todas aquelas deficiencias que conforme á proposta de resolución anterior non se corrixiren xa. En todo caso, para evitar discriminacións tan lamentables coma a que observamos despois de estudia--lo ano 1987 e ve--los seus resultados. O gasto medio por persoa asistida en España foi de 33.000 pesetas, e en Galicia quedouse en 23.000 pesetas. Unha vez máis nos converteron en cidadáns de segunda.

A terceira das propostas de resolución tamén se refire á materia sanitaria. Trátase do establecemento dunha negociación ininterrompida

ata lograr un acordo sobre o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións, medios persoais etc., do ISM (Instituto Social da Mariña).

Notoriamente Galicia neste punto é a Comunidade Autónoma máis transcendente e importante de España. O Instituto Social da Mariña ten 56 clínicas, o 7,64% da totalidade da poboación galega protexida, e equivale, nin máis nin menos, ó 38% de toda a poboación que atende o Instituto Social da Mariña a nivel de todo España.

A seguinte proposición insta ó Goberno ó establecemento daquel abandonado plan de alcoholismo, que nós entendemos que é de transcendencia e de importancia. Estaba xa iniciado. O señor Conselleiro considerou oportuno subsumilo noutro tipo de accións que logo un bo día nos explicou, e que naturalmente non convenceron ó noso Grupo. Polo tanto volvémoslo demandar. O alcoholismo constitúe un mal desditadamente xeneralizado na sociedade galega, e dalgunha forma concita a nosa sensibilidade e a da Consellería, e pedimos que o señor Conselleiro actúe con eficacia e con garra nese terreo concreto.

Na seguinte proposición fálase da agricultura de montaña. Onte foi obxecto de longo debate, e non o vou repetir. Estou seguro de que o señor Presidente da Xunta quedou sensibilizado, ou xa o estaba, non o imos negar, polo menos a teor das súas palabras. Simplemente que posibilita plans de infraestrutura, plans de turismo, é dicir, de infraestrutura agraria e ademais infraestrutura de comunicacións que son necesarias para o hábitat humano nun entorno determinado. Entón isto é dunha gran transcendencia porque hai axudas verdadeiramente millonarias, e unha vez que estamos dentro do obxectivo nº 1 do FEDER é posible tamén por esa vía acadar--las axudas necesarias, e ter en conta que evidentemente van parar ás áreas máis desfavorecidas de Galicia, neste tema concreto e nou-

tros moitos temas.

Na seguinte proposta de resolución, tamén en agricultura, falamos de aumenta--las indemnizacións polo sacrificio das reses acercándoas na medida do posible á realidade.

Hai outra máis no eido da agricultura, na que dicimos que se lle dea carácter oficial á actual Comisión de seguimento das campañas de saneamento, para efectos de evitar na medida do posible que a pille--ría, e a picaresca, que existe des--ditamente en tódalas sociedades, dalgunha forma poida entorpece--la boa acción e a boa finalidade administrativa.

Tamén mediante outra proposta de resolución na área de agricultura vimos dicir que se leve a adiante canto antes a reestructuración dos Servicios Veterinarios Oficiais, co fin de dotar á Consellería de Agricultura de persoal técnico necesario para o mellor cumprimento das súas obrigas, pero de persoal fixo, sen que a Consellería teña que andar nestes cambios, que moitas veces o que fan é entorpece--la propia continuidade da acción e a boa marcha do servizo.

A seguinte proposta de resolución refírese á Xunta de Galicia, pero concretamente afecta quizais moito máis á Consellería de Agricultura ca a ningún dos outros departamentos. Cando nós lle dicimos que cando menos a nivel de Xefatura, de Servizo, cree na súa estrutura orgánica un servizo para a coordinación coa política agraria comunitaria, é para efectos de evitar, señor Conselleiro, que a nivel de Europa non se acepten moitas veces os decretos ou ordes dictadas desde as Comunidades Autónomas, precisamente por non cumpri--los previos requisitos ou non marchar na onda que determina a política agraria europea. Entón, probablemente con este sistema se poidan evitar entorpecementos de toda índole, e mesmo consecuencias que ás veces poden non ser agradables. Sería, polo tanto, conveniente, ó no-

so criterio, a creación deste servizo. En todo caso é un tema orgánico interno da Consellería, e vostede verá a forma de solventalo. Non é algo absolutamente decisivo, pero nós entendemos que sería moi conveniente.

A seguinte proposta tamén se refire a que o Goberno Galego inicie negociacións co Goberno Central para efectos de que sexa transferido o Instituto Español de Oceanografía. Todos sabemos da súa importancia no sector pesqueiro. Polo tanto a actividade que neste aspecto poida desprega--la Consellería sería ben aceptada polo noso Grupo.

Presentamos outra proposta de resolución referente ás dúas novas Universidades que tratan de crearse. Xa damos por suposto que vai prospera--lo proxecto de lei, e xa damos por suposto que nós non imos formular --tamén o digo publicamente-- emenda de totalidade, senón emendas parciais. Polo tanto isto autorízanos a face--la seguinte proposta. Creemos que esa lei das dúas Universidades non é o suficientemente completa. Débese completar coa formulación doutra nova, doutro novo proxecto, que se refira á financiación das Universidades e á estruturación das novas Universidades. Nós metemos unha corrección a man, pois por puro erro mecanográfico dicía: "Proxecto de Lei de financiación", pero o correcto é: "Proxecto de Lei de financiación e estruturación das Universidades de Galicia".

Neste proxecto de lei deberán figurar, ademais do importe dos créditos necesarios para o seu desenvolvemento, as fontes de financiación, os plans específicos das novas titulacións que se van implantar a curto e medio prazo nos distintos campus, a construción de novos centros, instalacións e servizos, a planificación relativa ó cadro de persoal do profesorado e á súa formación, e a das bolsas para estudantes. Naturalmente espaciado durante o tempo que obviamente resulte dos propios termos do proxec-

to de lei.

A última proposta de resolución refírese a infraestruturas. No seu 1º apartado dicíamos que: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que constitúa unha Comisión Mixta paritaria entre o propio Goberno e o Parlamento, integrando a representación deste cun membro de cada Grupo Parlamentario, coa finalidade de reivindicar ante a Administración Central as resolucións ou actos necesarios tendentes a dotar a Galicia da infraestrutura viaria interior e exterior con acceso á zona norte de Portugal, á meseta e conexión coa rede europea, así como coa vertente cantábrica, de conformidade coas concrecións e estudos que realizase ou realice no termo de quince días". Isto non lle debe ser tarefa difícil, pois evidentemente son meros estudos, non son proxectos técnicos. Xa houbo unha proposición non de lei formulada polo noso Grupo, que despois, mediante unha emenda aceptada de Coalición Galega, obrigou á Administración Autonómica á formulación de estudos e propostas ante esta Cámara. De todo isto levan transcorridos practicamente tres meses, así que a estas alturas estes estudos probablemente estean avanzados.

Ben, pois todo isto de conformidade coas concrecións e estudos que realizase ou realice no termo de quince días o Goberno Galego. Realícenos e prioricen como queiran.

A Comisión, que será tamén de seguimento, xestionará o ancho europeo de vía férrea e as telecomunicacións. ¿Que pretendemos nós coa constitución desta Comisión? Esencialmente dúas cuestións. Primeiro, que efectivamente as promesas formuladas desde esta Tribuna, e que para nós foron unha sorpresa, no senso de que se contraponen absolutamente ás decisións da Administración Central, que é ela a que ten que construír todo esta rede viaria, pois esas promesas poidan ter virtualidade e cumprimento. Polo tanto queremos que sexa unha Comisión de seguimento.

E segundo, esta Comisión sería de colaboración co Goberno en si mesmo. Tanto é así que nós instámola como paritaria, é dicir, presenza do Parlamento pero tamén presenza governamental. Tampouco vai substituír--las facultades gobernamentais, porque non podería ser nin no plano legal nin no plano político, pero si vai ser un pouco a mostra do esforzo unitario de Galicia e da priorización das esixencias de Galicia nun eido tan importante coma este das infraestruturas, no que nós fiamos moito de cara ó desenvolvemento deste país.

No suposto de que non sexa admitido --e conclúo xa, señor Presidente-- este 1º apartado da nosa proposta de resolución, facemos un 2º apartado de propostas de resolución onde xa somos explícitos e dicimos cales serían individualizadamente cada unha das nosas pretensións, desde a autoestrada, que unha ten que existir que cruce Galicia, que enlace en Burgos coa rede europea, ata as autovías de que vostedes falan, ata a conclusión inmediata, isto é obvio, da Autoestrada do Atlántico, incluído ese tramo inexplicablemente non previsto ata o presente, que é o da Coruña--Ferrol.

Remato, Señorías, pedindo o apoio para estas propostas de resolución. E rogaríalle ó señor Presidente que, dada a coincidencia de moitas, ou dalgunhas cando menos, das nosas posturas con outras doutros Grupos da Cámara, nos permita un receso para dialogar e probablemente chegar a un acordo que sempre será positivo.

Moitas grazas a todos.

O señor PRESIDENTE: Turno en contra. (Pausa).

Presentación das propostas do Grupo Mixto, a iniciativa do PNG.

Señor Olives, ten cinco minutos.

O señor OLIVES QUINTAS: Señor Presidente, como Grupo integrante dos Grupos que apoian o Goberno, loxicamente non imos entrar nunha discrepancia coa actuación do mesmo, senón todo o contrario. Pero en calquera caso queremos presentar unha serie de propostas de resolución de actuacións puntuais en cada un dos departamentos, que consideramos imprescindibles que rematen na presente Lexislatura.

Nesta liña, no campo de actuación da Consellería de Traballo, entendemos que é imprescindible que na presente Lexislatura se leve a adiante a seguinte proposta de resolución: "Impulsa--la implantación dunha rede básica de Servizos Sociais Comunitarios que abranza todo o territorio galego de acordo cunha planificación de carácter comarcal".

Neste eido somos conscientes de que, aínda que a Lei de Bases de Rexime Local, do 2 de abril de 1985, lles atribúe competencias a tódolos Concellos en materia de prestación dos Servizos Sociais e de promoción e reinserción social (artigo 25.2), competencias que son de obrigado cumprimento polos Concellos de máis de 20.000 habitantes, é obvio que a organización territorial de Galicia, especialmente no ámbito rural, fai difícil, por non dicir imposible, que moitos dos ditos Concellos poidan exercer tales competencias, razón pola cal se fai precisa unha intervención directa da Administración Autonómica.

No campo da sanidade, así mesmo entendemos que durante o transcurso desta Lexislatura sería bo que este Parlamento inste á Xunta de Galicia a: Que, para acadar unha utilización dos recursos sanitarios públicos, efectúe a adscrición funcional ó Servizo Galego de Saúde dos hospitais dependentes das Corporacións Locais de Galicia, sen prexuício da transferencia definitiva dos mesmos prevista nesta propia Lei." Aquí non me vou deter porque é obvio.

O tema de agricultura é un tema candente e interesante, sobre todo

porque foi obxecto dun intenso tratamento no debate de onte. A nós gustaríanos que o Parlamento aprobase a seguinte proposta de resolución: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que se intensifiquen os traballos da campaña de saneamento gandeiro co fin de darlle cumprido remate antes do ano 1991". Quero felicitar ó Conselleiro de Agricultura pola súa valentía de denuncia--los posibles fraudes que de feito ocorren, e con isto dar coñecemento ó público en xeral e poñer--las medidas oportunas para o saneamento integral. Esperamos que no ano 1991, así o desexamos, remate este saneamento para situar--la Comunidade Autónoma Galega en igualdade dentro do contexto xeral da Comunidade Económica Europea.

No eido da educación --e seguindo unha liña de gradualismo político-- é fundamental o que atinxe á necesidade de creación de novas titulacións e equiparación polo tanto co resto dos países de Europa. Presentámo--la seguinte proposta de resolución: "Que a Xunta de Galicia presente un Plan de Financiación da Universidade que teña en conta o crecemento que as ensinanzas universitarias veñen experimentando, a necesidade da creación de novas titulacións para darlles cumprida resposta ás demandas sociais, a potenciación da investigación e formación do profesorado para atender--las esixencias derivadas da expansión do sistema, e a consecución dun melloramento cualitativo da oferta actual". Por concreta e concisa supoño que non necesita máis explicación.

Na orde do departamento da Consellería de Ordenación do Territorio, pretendemos que este Parlamento aprobe a seguinte proposta de resolución: "Que a Xunta de Galicia lle presente á Cámara con carácter urxente o proxecto de Lei de Xestión de Residuos Sólidos de Galicia". Os municipios máis pequenos teñen grandes dificultades coa súa realización, e loxicamente é algo que ten que asumir subsidiariamente a Administración Pública, neste ca-

so a Administración Autonómica.

No eido das competencias da Consellería da Presidencia, o que pedimos cremos que debe ser aprobado por unanimidade nesta Cámara. Propoñémo--lo seguinte: "Que nesta Lexislatura a Xunta presente un Proxecto de Lei de Coordinación de Polícías Locais de Galicia, e cree a Escola Galega de Seguridade". Neste senso, e seguindo o discurso do Conselleiro da Presidencia, con isto sentariámo--las bases para algo que debe de distinguírnos como Comunidade Histórica, e como algo que debe ser un fito que poida representar e dignifica--la nosa Comunidade Autónoma no camiño da consecución dunha Policía autónoma.

Tamén no campo das competencias da Consellería da Presidencia hai algo que é vital para o futuro de Galicia, algo que está no cerne do seu desenvolvemento, e algo tradicionalmente esquecido ata este momento, que pretendo que tamén sexa aprobado. "O Parlamento de Galicia insta á Xunta para que lle remita ó Parlamento, no prazo de seis meses, un Proxecto de Lei de Organización Territorial de Galicia que cumpra os mandatos establecidos para o efecto no Estatuto de Autonomía". Señorías, entendo que a altura desta proposta de resolución non necesita máis explicacións porque é comprendida por calquera que teña a máis mínima sensibilidade nos intres da nosa Comunidade Autónoma, e sobre todo refírome a aqueles que teñen certo sentimento nacionalista.

No eido das competencias da Consellería de Pesca, polo menos como mínimo para saber onde estamos, quen somos, e para facer unha planificación real de a onde podemos chegar, dentro tamén do marco da Comunidade Económica Europea, facemos outra proposta de resolución, pedimos que por fin se remate e publique o censo da frota galega de baixura.

No eido do campo da economía sei que hai outras propostas de resolución que fan referencia mesmo ó

Fondo Nacional de Cooperación, pedindo a súa equiparación co resto do Estado Español. Permítanme que neste senso discrepe, porque eu pretendo que medre moito máis. Polo tanto, faría a seguinte proposta de resolución: "Que o Parlamento de Galicia inste á Xunta a fixa--los criterios que, dende a perspectiva da Comunidade Autónoma Galega, deben servir de base para negociar en 1991 a revisión do actual sistema de financiación das Comunidades Autónomas de rexime común". Tamén creo que está suficientemente comprendida e espero o voto favorable, porque é de vitable importancia para a realización do auténtico autogoberno.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: ¿Turno en contra? (Pausa).

Defensa das propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra o señor Carro, por un tempo de dez minutos.

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Moitas grazas, señor Presidente.

Antes de comenzar a relata--las propostas de resolución que presentou o Grupo Parlamentario dos Socialistas, permítanme as Súas Señorías que manifeste o senso das propostas que presenta o meu Grupo Parlamentario.

As propostas que presentamos tratan de ratificar e impulsa--la actual labours do Goberno, en consonancia coa función de impulso político que ten este acto parlamentario.

En segundo lugar, son propostas complementarias e de común acordo cos demais Grupos que apoian o Goberno da Xunta de Galicia.

En terceiro lugar, as propostas

que presenta o Grupo Parlamentario dos Socialistas son propostas integradoras, son propostas concretas que asumen moitos dos posicionamentos e, porque non dicilo, do espírito das propostas presentadas polos Grupos da oposición.

Os motivos pois que van provocar--lo rexeitamento dalgunhas das propostas de resolución presentadas polos Grupos da oposición, van basearse exclusivamente nos seguintes criterios: as que teñan mala redacción técnica; as que supoñan unha crítica ó Goberno; as que quedan retrasadas ou son contradictorias coa política do Goberno da Xunta; as que non supoñan ningún avance sobre as propostas de Grupos Parlamentarios que apoian a Xunta; e as que sexan menos concretas no seu contido cás presentadas polos Grupos que apoian o Goberno. Por suposto imos rexeitar todas aquelas que supoñan un traslado da responsabilidade gobernativa ó Parlamento.

Polo tanto, Señorías, non vou facer como fixo o señor Beiras unha invocación á divindade, ese ¡por Deus!, que me estremeceu no meu escano. Sinxelamente vou facer unha invocación ás Súas Señorías terrenais para que cheguemos a propostas de resolución que solucionen dunha vez por todas os problemas existentes na nosa Comunidade.

Dito isto, paso a relata--las propostas de resolución que presentou o meu Grupo sobre o debate da situación e as perspectivas do futuro de Galicia.

Primeira: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno Central unha participación nos fondos estruturais da Comunidade Europea acorde coa filosofía redistributiva das propias institucións comunitarias; participación que non debería ser inferior a 200.000 millóns de pesetas no período de vixencia do PDR estatal."

Segunda: " O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que presente nesta Cámara, antes de que remate o

actual Período de Sesións, o Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) de Galicia 1989--93.

Terceira: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que na redacción do Plan de Estradas de Galicia se proceda ó pleno acondicionamento da rede principal de estradas da nosa Comunidade, que vertebrará o conxunto do país no horizonte de 1993."

Quarta: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que realice as xestións precisas co Goberno Central para a urxente introducción do gas natural en Galicia, propiciando que o dito proxecto sexa incluído nos programas de desenvolvemento da CEE."

Quinta: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que presente perante o Parlamento de Galicia un Plan de formación continuada do profesorado galego que permita facer fronte ós novos retos da innovación pedagóxica e da reforma educativa."

Sexta: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que proceda á revisión á alza do Plan de Portos de Galicia co fin de dotalos das infraestructuras, dos servizos e dos equipamentos necesarios para serviren de motor ó desenvolvemento da nosa Comunidade."

Séptima: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que proceda á redacción do Plan de Vivenda de Galicia que contemple actuacións de gran entidade nas grandes cidades e a atención preferente ás vivendas sociais no conxunto do territorio, e estableza un marco de impulso á rehabilitación de vivendas, con especial incidencia na zona rural.

Oitava: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que en materia de política hidráulica e no horizonte de 1993 proceda ó saneamento das grandes rías galegas, dos núcleos fundamentais do río Miño e ó abastecemento de núcleos superiores ós 2.000 habitantes". Supoño que ás Súas Señorías entenderán o reto que

supón esta proposta de resolución.

Novena: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a aprobar unha norma que no ámbito das responsabilidades autonómicas acade a utilización eficaz, xeral e integrada dos servizos do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social e os medios de que dispón a Xunta de Galicia en materia de seguridade e hixiene no traballo". Non necesito, evidentemente, ratificar e explica--la importancia que ten, tanto competencial coma operativa, esta proposta que teño a honra de presentarlles a vostedes.

Décima: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a profundizar na súa política de creación de axencias de desenvolvemento local, establecendo un Plan xeral territorial e garantíndolles ós Concellos a súa continuidade no tempo a través de convenios plurianuais, que acade a consolidación e o incremento dunha rede completa nos concellos galegos". O tema das iniciativas locais de emprego, o tema da potenciación das nosas capacidades endóxeas, realmente é un tema bastante debatido neste Parlamento. Por iso lles fago gracia ás Súas Señorías de non pasar a explicalo máis detidamente.

Décimo primeira: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que intensifique a súa política de potenciación do sector de cultivos mariños, tentando pór en explotación recursos e zonas actualmente infrautilizadas."

Décimo segunda: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que lle presente ó Parlamento un Plan de instalacións deportivas tendente á dotación nos centros de distintos niveis da infraestrutura precisa que permita a práctica e o desenvolvemento das distintas modalidades deportivas, tendente á consecución dunha educación integral dos alumnos."

Décimo terceira: " O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que in-

tensifique os traballos de concentración parcelaria, emprendendo programas específicos de actuación con cofinanciación comunitaria."

Décimo cuarta: "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a presentar, no prazo máis breve posible, unha Lei de Saúde Mental que, recollendo as directrices do Plan Galego de Saúde Mental, permita poñer en práctica o contido do mesmo."

Pois ben, Señorías, desde esta óptica de coherencia e fortaleza, tanto do Goberno coma dos Grupos que o apoian, teño que dicir que o espírito de concordia queda aberto. De vostedes depende a súa plasmación resolutiva neste acto parlamentario. Esperamos que este trámite parlamentario, esta función importante do Parlamento de impulso da dirección política do Goberno, quede plasmada nas propostas de resolución que teña a ben aprobar esta Cámara.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: ¿Turno en contra? (Pausa).

Ten a palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, a miña intervención será breve. Recoñezo xa de entrada que utilizo o turno en contra para poder manifesta--la miña opinión sobre a postura implícita nas resolucións presentadas polo Partido con máis Deputados entre os que apoian o Goberno. Non é estritamente un turno en contra, aínda que tamén é en contra; é un turno no que explicarei o que penso sobre cada unha das cuestións.

O señor PRESIDENTE: Rógolle que se axuste ó que é o turno en contra.

O señor NOGUEIRA ROMAN: De acordo, señor Presidente, pero dado que as resolucións son moi distin-

tas, neste turno en contra, ademais de manifesta—las cuestións nas que estou en contra, tamén me gustaría manifestar nas que estou a favor, como é natural. Porque se non é así perde absolutamente todo o senso, agás que nos limitemos a que cada Grupo presente unha única resolución para que sexa inequívoca a postura. En todo caso sería breve, señor Presidente.

Señor Presidente, co seu permiso, comenzo cunha cuestión na que estou a favor, ou sexa, que os fondos que se reciban nos próximos cinco anos non poden baixar de 200.000 millóns de pesetas. Ben, ¡xa hai unha cifra que é medio patrimonio común do Parlamento! ¡Xa hai un acordo nacional galego sobre a cifra! Porque as cifras que se manexaban ata hoxe eran outras totalmente distintas, e esta é a clave do problema; imos reclamálo. Nós votaremos a favor desta resolución, e temos outra igual que supoño que vostedes tamén a votarán favorablemente. Digo eu. E recordo que tere—mo—los 200.000 millóns se témo—las infraestructuras, senón non haberá os 200.000 millóns, porque o Estado vai adicar todo o FEDER ou practicamente todo ás infraestructuras. Pero empezamos ben con esta cifra que nós votaremos a favor.

Cando falan do PDR non podemos votar a favor, porque o PDR se ten este senso dos 200.000 millóns de pesetas, hai que presentalo antes do 31 de marzo; se non, xa perde senso. Antes do 31 de setembro, se non me equivoco, a Comunidade Europea contesta co marco comunitario de apoio, dicindo se están ou non de acordo, e que plan de financiamento hai para cada proxecto. Este é o esquema que non podemos evitar. Polo tanto o PDR despois do 31 de marzo xa non é para a CEE, é outra cousa distinta. Polo tanto, aí non podemos votar a favor, imos absternos por esta razón, aínda que queremos que exista un PDR.

En canto á cuestión da política hidráulica estamos de acordo. Imola votar a favor. Pero recordo que o

Miño non é competencia nosa, é de Oviedo. Eu creo que é algo que temos que reclamar para que iso se cambie. Non ten senso que a nosa Comunidade Autónoma Galega dependa da Comunidade Autónoma Asturiana. Polo tanto, imos votar a favor. Pero a ver se se modifica isto. Dependemos da Comunidade Autónoma Asturiana vía Ourense, aí os Deputados de Ourense deben estar contentos porque a política galega se leva desde Ourense dependendo de Asturias, claro está.

En canto á rede de estradas imos absternos, porque nós dixemos antes que o acordo ten que ser moi concreto. Non é suficiente dicir que imos facer un Plan de Estradas, senón que hai que sinalar prioridades, en que anos e que vías concretas. Mentres sexa unha cuestión abstracta non nos pronunciámo. Agora cando veña o Plan de Estradas aquí, evidentemente manifestarémolas nosas posturas, pero creo que non estamos no momento da abstracción no senso da inconcreción, senón no detalle nas prioridades.

En canto a cuestións do gas, naturalmente estamos de acordo, pero antes do 31 de marzo, porque tamén o Estado vai pedi—las subvencións da CEE para esta cuestión. Se é despois do 31 de marzo, xa ten pouco senso. Polo tanto, imos votar a favor, esperando que sexa así. Igual que votarémolo Plan de Portos.

Alguén nesta Cámara dixo un día que había que potencia—lo tráfico marítimo en lugar do terrestre. Lamentablemente non hai posibilidade de ningún tráfico marítimo se non vai acompañado do terrestre, é dicir, das autovías e do ferrocarril. Polo tanto estamos a favor do Plan de Portos, pero tamén das autovías e do ferrocarril, non hai ningunha contradicción. Creo que a xente pouco a pouco se vai dando conta, porque moitas veces as cuestións que se defenden son simplemente de senso común.

Tamén estaremos a favor dos

cultivos mariños, da política de vivenda, da formación do profesorado, etc. As outras cuestións non son cuestións moi relevantes, pero non temos ningún motivo para votalas en contra, e votarémolas a favor, pois mesmo temos motivos para votalas a favor.

Esta é a nosa postura, Señorías. Espero que este espírito que nós temos tamén se manifeste na votación dos demais Grupos respecto das nosas resolucións. Este espírito que nós manifestamos respecto das resolucións do Grupo principal dos que apoian o Goberno, tamén o manifestaremos respecto das resolucións de tódolos demais Grupos, e votaremos a favor todo aquilo que supoña un mínimo avance para o noso país, que é o que realmente nos preocupa.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez Castiñeiras polo tempo de dez minutos.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor Presidente, Señorías, o debate que se celebrou nesta Cámara nos últimos días puxo de manifesto cal é a actuación do Goberno de Galicia, pero tamén unha serie de carencias, unha serie de defectos, unha serie de deficiencias e unha serie de necesidades. E preciso que dalgún xeito as poñamos de manifesto nestas propostas de resolución que sometemos á súa consideración co fin de chegar a un acordo, en moitos casos por cuestións puntuais, pero noutros van ter unha actuación decisiva no futuro do noso país.

En primeiro lugar, por parte de tódolos Grupos Parlamentarios que interviñeron neste debate fíxose fincapé na cuestión das comunicacións. Coido que as comunicacións foron a estrela do debate destes días, non soamente por parte dos Parlamentarios, senón tamén pola banda do propio Presidente da Xunta

de Galicia, que amosou a súa preocupación por estes temas. Por iso Coalición Galega ten a ben presentar unha proposta de resolución, para a que pido o apoio de toda a Cámara, que fixa realmente cales son as autovías que precisamos e, sobre todo o que nos importa, que os prazos sexan o máis limitados posible.

En consecuencia, a primeira proposta que nós presentamos é que o Parlamento inste á Xunta de Galicia para que se solicite do Goberno do Estado a inmediata execución das autovías A Coruña--Lugo--Benavente e Vigo--Ourense --Benavente; e a mellora substancial das comunicacións co corredor cantábrico --tema crucial tamén para a nosa Comunidade-- e tamén con Portugal. Por conseguinte, creo que aquí se recolle dunha forma concreta e puntual o sentir de tódolos Grupos intervinientes no debate destes días.

Pero non só podemos conformarnos con ter unha resolución respecto das autovías, senón que tamén hai que concretar cal vai se--lo plan do transporte ferroviario. Nós non podemos esperar que Galicia quede esquecida unha vez máis deste medio de transporte tan importante. Non podemos esquecerlo, porque o que nos importa fundamentalmente é que cando desde Europa se mire o mapa de Galicia e as vías de comunicación do seu ferrocarril, non apareza un vacío; que atopen raias vermellas, azuis ou da cor que sexa, pero que figuren, co fin de que o empresario europeo saiba perfectamente que témo--los nosos medios de comunicación.

O mapa de Galicia ten que estar perfectamente configurado, pero o que nos importa tamén é saber como se van facer e cando van ter lugar. Esa é unha das preocupacións de Coalición Galega. Neste senso, a proposta de resolución que sometemos a consideración pide que no Plan de Transporte Ferroviario se contemple a incorporación de Galicia ó proceso de modernización do transporte ferroviario en España --Plan de

Transporte Ferroviario--Alta Velocidade e Ancho de Vía-- e que se estableza un marco de actuacións de tal xeito que dean resposta ás demandas actuais do transporte por ferrocarril e á súa evolución de futuro. Non só se trata das necesidades reais senón de que, de acordo co Plan de Autovías que se propoña, poida coñecerse cara a onde vai Galicia no futuro inmediato.

Outro dos temas que preocupa a Coalición Galega --como se puxo de manifesto na intervención do representante señor Barreiro no debate de onte-- é xustamente o FCI. Todos sabemos que este Fondo, na súa situación actual, non cumpre cos requirimentos para o que foi creado. Por conseguinte, é necesario proceder á súa revisión profunda, e que os desequilibrios realmente sexan corrixidos. Púxose de manifesto o outro día no debate que deste Fondo só 6.000 millóns de pesetas corresponden á política redistributiva. Trátase de facer unha variación dos criterios, para que Galicia non sexa novamente marxinada nesta cuestión.

Esta é a razón pola que Coalición Galega presenta unha proposta de resolución na que di: "Que se negocie co Goberno Central e coas Comunidades Autónomas unha revisión do FCI, que teña como obxectivo profundizar e acentuar--lo carácter redistributivo e solidario dese instrumento financeiro. "Isto, ó noso xuicio, hoxe non se está cumprindo".

Outro dos temas que nos preocupa é a problemática que ten a Radio Televisión Galega. Nesta proposta de resolución pedímo--la extensión dunha rede suficiente por todo o territorio, para que ningún en Galicia poida quedar sen os medios de comunicación que nos son propios. Facémolo así por dúas razóns: unha, porque é un mecanismo de divulgación da nosa lingua; e outra, porque é un mecanismo de espallamento da nosa propia cultura. Por conseguinte, pedimos que antes do remate da actual Lexislatura, nun prazo

concreto, se leve a cabo unha cobertura total da Radio Televisión Galega e da TVG, de xeito que chegue a tódalas comarcas e áreas territoriais do país. Tódolos que percorrémolo medio rural moitas veces dámonos conta que os nosos medios de comunicación social non chegan ós últimos recunchos da nosa xeografía. Nós cremos que tódolos cidadáns galegos deben ter ó seu alcance a oportunidade de poder servirse destes medios públicos de comunicación.

Hai unha materia pendente, que se debateu en moitas ocasións nesta Cámara, pero coido que é preciso chegar a un acordo para que unanimemente a poidamos paliar dunha vez por todas. Trátase da transferencia do INSALUD. Todos sabemos que esta é unha das materias pendentes, que ten moito que ver coa situación actual na que se atopa a nosa sanidade. En xeral, e neste intre, está un pouco entorpecido todo o desenvolvemento sanitario, xustamente porque non témo--la competencia absoluta sobre ese organismo tan importante. Na proposta de resolución solicitamos que na presente Lexislatura, dunha vez por todas, se cumpra esa demanda social tan importante para o pobo galego, e que este poida dispoñer das súas propias organizacións sanitarias, coa transferencia inmediata do INSALUD nas mellores condicións, para o desenvolvemento dos programas sanitarios.

Neste eido temos que destacar--la necesidade da formación de moitos dos nosos profesionais da saúde. As Súas Señorías saben que hoxe estamos avanzando a pasos enormes na tecnoloxía e no aspecto científico. E preciso que os nosos profesionais estean perfectamente preparados. Isto non se pode facer sen a creación da Escola Galega de Saúde Pública --unha necesidade sentida no pobo galego--, que coordene e actualice os coñecementos para un mellor servizo dos nosos cidadáns.

Dicía o señor Presidente --no seu discurso de hai dous días-- que

por fin este Goberno rematou coa situación dos pobos sen luz en Galicia. Para Coalición Galega ese non só é o problema fundamental: é un problema vital. Sen dúbida que todo o mundo, preto xa do século XXI, ten necesidade de ter luz, pero o que nos preocupa enormemente é o tema da reelectrificación rural, que non está levando a dinámica que debía para o desenvolvemento dunha sociedade. Todos sabemos que da reelectrificación depende o noso desenvolvemento social e económico, e moi especialmente o noso desenvolvemento agrícola e gandeiro. Son coñecidas as penurias que pasan os nosos pobos, que para poñer en marcha a muxidoira teñen que apaga-la neveira ou o televisor. Por conseguinte, isto hai que remedialo.

Pedimos que o Parlamento inste á Xunta de Galicia a adopta--las medidas conducentes a darlle celeridade a este problema, tendo en conta que o actual plan de reelectrificación pode supoñer uns 70.000 millóns de pesetas. Se ben o Goberno Central, co 40%, a través da propia Consellería de Industria, está aportando as cantidades necesarias ás empresas, son estas as que están demorando --dunha forma inexplicable e prexudicial para os nosos paisanos-- a posta en marcha desta reelectrificación rural. Pedímo--la aceleración do Plan de Electrificación Rural de Galicia (PERGA) nos vindeiros cinco anos, recabando da Administración Central unha maior aportación de fondos. Entendemos que actualiza--la electrificación rural nos nosos campos pode custar uns 70.000 millóns de pesetas.

Tamén será necesario toma--las medidas pertinentes ante as empresas eléctricas distribuidoras de enerxía do medio rural, para que as obras incluídas nos plans anuais de electrificación sexan realizadas no propio exercicio presupostario, e non co retraso co que se están levando a cabo. Reclamámo--la intensificación de todas estas actuacións, co fin de ter un nivel de vida axeitado para os tempos que

corremos. Disto depende fundamentalmente o desenvolvemento da nosa economía.

Pasando a outro tema quero dicir que o Goberno Galego levou a adiante a creación dunha serie de estruturas en materia de sanidade e hixiene. E coñecido de toda a Cámara que o centro de Rande está en funcionamento; que o da Coruña se inaugurou no ano 88 e que o de Lugo está a piques de ser inaugurado; que en Ourense no ano 90 estarán rematados os centros de seguridade e hixiene no traballo. Por conseguinte, témo--la infraestructura, agora faltan os vieiros para que poidan desenvolver tódalas súas actividades.

Coalición Galega pide que se aprobe un plan de actuación en materia de seguridade e hixiene de carácter anual, coas renovacións precisas para axeita--las necesidades e a demanda dos nosos traballadores á propia realidade. Esperamos que a Administración dea resposta, o máis axiña posible, a estas necesidades tan importantes, referidas xustamente á prevención dos accidentes de traballo.

Remato pedindo o apoio da Cámara para que se dea coñecemento do Mapa Cultural de Galicia. Moitas veces dá pena saber que pasamos por camiños nos que existen xoias da nosa cultura e da nosa historia que son descoñecidas pola xeneralidade da xente. Por iso entendemos necesaria esa distribución, plasmando dunha forma clara e nidia o Mapa Cultural de Galicia, para que estea ó alcance de tódolos galegos.

Hai outro tema transcendente, referido á reforma do ensino, que se está levando a cabo neste intre. Trátase dunha reforma en profundidade, que dalgún xeito vai dar unha concepción diferente, do que son os estudos en xeral e da habilitación dos nosos pícaros de cara ós eidos nos que teñen o seu futuro.

As instalacións educativas débense axeitar dunha forma clara e

precisa, tendo en conta estas novas necesidades. Pedimos que se inste á Xunta de Galicia para que presente ante o Parlamento de Galicia un plan de reparacións de centros escolares, con atención prioritaria ós de EXB, para a adecuación dos mesmos ás esixencias actuais e a súa acomodación ás derivadas da reforma do ensino.

E por último, como Galicia debe estar de cara ó futuro e mirar para adiante, non cabe a menor dúbida de que é precisa a potenciación dos recursos científicos do noso territorio. Por iso presentamos tamén unha proposta de resolución na que se pide á Xunta que considere como prioritario a finalización do Parque Tecnolóxico de Galicia, co fin de promover a creación de novas empresas de alto contido investigador e o desenvolvemento de aplicación das novas tecnoloxías na nosa terra. Sen dúbida, esta é unha cuestión importante. Temos aí o reto do ano 93, onde realmente Galicia ten que dar a resposta que todos esperamos para a nosa participación na Comunidade Económica Europea.

Señorías, como ven, estas propostas son coincidentes en moitos puntos coas presentadas por outros Grupos. Fagámo--lo esforzo de chegar a ese acercamento que mañá, ante a opinión pública, reflexe que no Parlamento de Galicia están todos de acordo nas cousas fundamentais para o desenvolvemento da nosa terra.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: ¿Turno en contra? (Pausa).

Suspéndese a Sesión durante trinta minutos.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE: Señorías,

procederáse a efectuar a votación, pola orde de entrada no Rexistro, das distintas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Pido a palabra.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Señor Presidente, pediría unha ampliación duns minutos, porque neste intre se está negociando un acordo entre os Grupos Parlamentarios desta Cámara.

(Pide a palabra o señor Deputado Vázquez Portomeñe).

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, ¿para que pide a palabra?

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Para unha cuestión de orde. A negociación non se está producindo, agás que se entenda por tal as relacións internas dos Grupos que apoian o Goberno.

(Pide a palabra o señor Deputado Nogueira Román).

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, ¿para que pide a palabra?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Para manifestar que non existe tal negociación. En todo caso, o PSG--EG non participou nela.

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Pido a palabra para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Carro.

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Moitas grazas, señor Presidente.

O meu pedido para unha cuestión de orde é para reiterar unha vez máis que as palabras precedentes pronunciadas polos Deputados non foron cuestións de orde. En calquera caso, a concordia segue aberta. Realmente estabamos reunidos, señor representante do Grupo Popular; a acusación non ten fundamento.

O señor PRESIDENTE: Concluído este incidente, procedemos a efectuar--las votacións, como dixeran antes, pola orde de entrada no Rexistro.

Proposta de resolución do señor Beiras Torrado, recollida co rexistro nº 11.492.

(Pide a palabra o señor Beiras).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Si, señor Presidente.

Teño que da--la redacción definitiva desta resolución. O BNG si que estivo falando cos Portavoces dos demais Grupos. Díxosenos que se podía falar, e para iso se fixo un descanso.

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, nesta Mesa non se presentou ningún texto alternativo.

O señor BEIRAS TORRADO: Quero facelo agora.

O señor PRESIDENTE: ¿Está asinado por tódolos Grupos?

O señor BEIRAS TORRADO: Eu non entendo nada do que está pasando aquí. Non sei se a Mesa está...

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, o Regulamento é claro.

O señor BEIRAS TORRADO: O Regulamento está claro, pero interprétao a Mesa do Parlamento, máxime cando non está dito canto tempo se ten para negociar ou non negociar; se hai que facer explícito se se negocia ou non; se se fai excepcionalmente desde a Mesa, ou que, señor Presidente. Non sei se aquí se está producindo unha cerimonia...

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, rógoille que remate a súa intervención.

O señor BEIRAS TORRADO: Digo que non sei se se está producindo unha cerimonia da confusión. O BNG, desde o comenzo, xa desde a reunión da Xunta de Portavoces na que se estableceu a orde deste debate, entendeu que unha vez ramatado o debate propiamente dito se abriría un prazo de tempo para presentar propostas de resolución, co fin de que a Mesa as calificase e os Grupos Parlamentarios tivesen a ocasión de cambiar impresións ou negociar.

Entendín que se daba un tempo de trinta minutos, durante o cal estivemos establecendo contactos. Eu non teño capacidade de iniciativa para dirixi--los contactos. Coi-do que si se chegou a que na nosa resolución --que era relativa ás celulosas-- houbera unha transacción no tocante á súa redacción; pero iso non me corresponde a min, señor Presidente. Como comprenderá, eu son o Portavoz do BNG, e non me corresponde dicir se as asinaturas dos Grupos Parlamentarios están ou non. Non sei se se está agardando pola Mesa a que se rematen as conversas, ou se vai aplicar taxativamente o tempo. Eu atópome aquí, medio secuestrado entre a televisión, antes e agora, nesta Sesión.

Polo tanto, como cuestión de orde eu solicito dos Portavoces dos Grupos Parlamentarios que se posi-

cionen sobre se se dá por cancelado o tempo fixado para establecer interlocucións, negociacións, acordos ou transaccións. Nese caso, estamos na etapa da votación. Entón, se non están cumpridas as formalidades, hai que vota--las resolucións só como estaban formuladas. Realmente, se aínda podemos chegar a outra cousa, que a Mesa se posicione. Eu acato o que acorden os Grupos Parlamentarios e a Mesa. O BNG non vén aquí facer pallasadas, pero entón que se aclaren ben as cousas.

O señor PRESIDENTE: Rógolle que remate xa a súa intervención.

Esta Presidencia non tería inconveniente en alonga--lo tempo se se vai chegar a un acordo. Pero aquí, ante esta Mesa, nin se presentaron resolucións negociadas, nin se manifestou que se estivese acordando nada.

Ten a palabra o señor Portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Sí, señor Presidente.

Yo creo que aquí se ha planteado una cuestión puramente de tiempo. Un Parlamento no puede detenerse por una cuestión de tiempo. El Reglamento y el procedimiento están sometidos a los contenidos sustanciales del debate democrático. En eso apoyamos evidentemente la iniciativa del señor Beiras.

En segundo lugar, no podemos multiplicarnos, señor Camilo Nogueira. No pretenderá que nosotros vayamos a negociar con usted. Si usted no ha venido es porque a lo mejor tuvo la intención política de no negociar absolutamente nada. Esta es una cuestión que se puede arreglar muy fácilmente, señor Presidente. Se requiere el tiempo suficiente para hablar en este Parlamento. La función fundamental dun Parlamento es "parlar". ¡Pues vamos a hacerlo, señores del Grupo Popu-

lar!

Muchas gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Señor Carro, entendo que a cuestión de orde era para solicitar unha ampliación do tempo.

Señor Nogueira, formule a cuestión de orde.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, a cuestión de orde é a seguinte. Eu non lle dou importancia ningunha a isto. Este Deputado, atendendo ó ofrecemento que lles fixo a tódolos Grupos, acercouse a onde estaban reunidos os Grupos do Goberno. Manifestoulles que quería falar con eles sobre as nosas resolucións, e non recibiu ningunha contestación. Non nos preocupa. Nós témo--la nosa postura sobre a política galega e sobre as solucións.

Repito que manifestamos iso e non se nos deu contestación, e máis nada. Insisto que non nos preocupa en absoluto. En todo caso, se hai posibilidades de chegar a acordos, estaría totalmente en coherencia coa postura que tivo aquí o noso Partido. Por suposto que hai cuestións moi importantes nas que evidentemente podíamos chegar a un acordo.

Nós temos unha postura política clara, e que se pode achegar ós demais, pero non só co Goberno, tamén con toda a oposición, con tódolos Grupos Parlamentarios. Aquí todos somos iguais e os Grupos mídense polo que votan, non pola procedencia, nin territorial nin doutra índole; Só polo que votan. Se todos estamos de acordo aquí en cuestións favorables para Galicia, nós estamos totalmente de acordo. Pero que conste como foron os feitos realmente.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Portomeñe, ten a palabra para unha cuestión de orde.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Gracias, señor Presidente.

Tres cuestións, exclusivamente. Primeira, na observación do señor Beiras, o noso Grupo non pon a menor dificultade na admisión a trámite desa transacción á que chegaron os Grupos que amparan o Goberno co señor Beiras en solitario.

Segunda cuestión, cando nós intentámo--la negociación cos Grupos que apoian o Goberno, fomos invitados a ausentarnos mentres eles non tiñan unha reflexión "equis". Logo estivemos paseando nos corredores, á espera de que concluíse esa famosa reunión. Non acaba de concluír cando xa todos estamos sentados aquí. Polo tanto, non houbo posibilidades de diálogo.

Terceira cuestión, admito perfectamente, señor Presidente, a suspensión desta Sesión, e naturalmente esta é unha decisión da Mesa. Tómea a Mesa como lle praza. Pero fago esta reflexión: se vai haber diálogo, para que exista de verdade transacción, entón suspéndase a Sesión. No caso contrario, se o Goberno ten prefigurada xa a súa postura, non perdámo--lo tempo.

O señor PRESIDENTE: Rógolles ós señores Portavoces que se acerquen á Mesa.

(Murmurios, diálogos).

A Presidencia pide que se manteña a orde na Sesión, que non está interrompida.

Señorías, suspéndese a Sesión ata as cinco da tarde.

O señor PRESIDENTE: Continúa a Sesión.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pido a palabra para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Deputado.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pídolle a Presidencia que dea conta dos resultados da negociación, se a houbo, despois da Sesión da mañá.

O señor PRESIDENTE: A Presidencia fará le--las transaccións presentadas á Mesa. Logo de votadas as propostas de resolución abrírase un turno de cinco minutos para explicación de voto.

Propostas de resolución do señor Beiras Torrado.

Rógolle ó señor Secretario que dea lectura á primeira proposta de resolución, admitida a trámite por tódolos Grupos Parlamentarios.

O señor SECRETARIO (Núñez Carreira): "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que dada a incidencia que pode te--la autorización da instalación dunha ou varias plantas de fabricación de pasta de papel no solo galego, tendo en conta a defensa e recuperación do noso patrimonio forestal, e a diversificación da produción forestal e facendo uso das competencias recollidas no Estatuto de Autonomía, nos artigos 23.3, 29.4 e 31.1, non conceda autorización en tanto non se garanta o control da súa incidencia na política forestal."

O señor PRESIDENTE: ¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 65

Votos a favor 40

Votos en contra 0

Abstencións 25

O señor VILLANUEVA CENDON: Pido que se proceda a tomar novamente a votación, pois entendo que o meu voto non se contabilizou no taboleiro.

O señor PRESIDENTE: Tómase novamente a votación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 67

Votos a favor 41

Votos en contra 0

Abstencións 26

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución.

Votación da segunda proposta presentada polo señor Beiras Torrado.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 68

Votos a favor 7

Votos en contra 33

Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da terceira proposta de resolución do señor Beiras Torrado.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 68

Votos a favor 7

Votos en contra 35

Abstencións 26

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolución nº 1, do Grupo Mixto, a iniciativa do PSG-EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 6

Votos en contra 35

Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta proposta.

Votación da segunda proposta de resolución do PSG-EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 6
 Votos en contra 35
 Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta proposta.

Votación da terceira proposta
 de resolución do PSG—EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 6
 Votos en contra 35
 Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta proposta.

Votación da cuarta proposta de
 resolución do PSG—EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 7
 Votos en contra 35
 Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta proposta de resolución.

Votación da quinta proposta de
 resolución do PSG—EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 6
 Votos en contra 35
 Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolu-
 ción n.º 6.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 7
 Votos en contra 35
 Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolu-
 ción n.º 7 do PSG—EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 7
 Votos en contra 35

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolución n° 8, do PSG--EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 7

Votos en contra 35

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Esta resolución resultou rexeitada.

Señor Nogueira, ¿importaríalle que votasemos conxuntamente tódalas resolucións?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, dada a súa solicitude, gustaríame compracelo, pero creo que non ten o mesmo senso político votar conxuntamente tódalas resolucións. Espero en todo caso que o voto non sexa mecánico, senón que sexa intelixente, é dicir, de acordo coa resolución en concreto.

O señor PRESIDENTE: Seguimos coa votación da resolución n° 9 do PSG--EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 6

Votos en contra 35

Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta resolución.

Votación da resolución n° 10 do PSG--EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 7

Votos en contra 35

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta resolución.

Resolución n° 11 deste mesmo Grupo.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 6

Votos en contra 36

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta resolución.

Resolución n° 13 deste mesmo

Grupo.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 7

Votos en contra 35

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda igualmente rexeitada esta resolución.

Resolución n° 14 do mesmo Grupo.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 7

Votos en contra 35

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta resolución.

Resolución n° 15 do mesmo Grupo.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 7

Votos en contra 35

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta resolución.

Resolución n° 16 do mesmo Grupo.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 5

Votos en contra 35

Abstencións 29

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta resolución.

Resolución n° 17 do PSG--EG.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 5

Votos en contra 35

Abstencións 29

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta resolución.

Votación das propostas de resolución do Grupo Popular.

(Pide a palabra o señor Vázquez Portomeñe).

Señor Vázquez Portomeñe, ¿para que pide a palabra?

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Co ánimo de abreviar, señor Presidente, quería dicir que se acumulasen as dúas primeiras, as dúas seguintes, e tódalas demais xuntas, ata o final.

(Pide a palabra o señor Deputado Beiras Torrado)

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, ¿para que pide a palabra?

O señor BEIRAS TORRADO: Simplemente para unha aclaración, vostede está a dicir numeración. A partir de agora, ¿vaise seguir estrictamente o número de Rexistro?

O señor PRESIDENTE: Si, señor Deputado: citarei estrictamente o número de Rexistro.

O señor BEIRAS TORRADO: Gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, eu síntoo moito, pero o noso voto depende de cada resolución. Non é un voto por partido; ou sexa, cada resolución ten un voto distinto, ou semellante, porque só hai tres opcións, unicamente. Pedimos que se vote unha por unha, porque de non ser así, obrigaríanos a dar un voto sen ningún significado. Non quero, en absoluto, da--la lata aquí, pero reflexionamos sobre cada resolución e temos posición sobre cada unha delas; non depende do partido que as presente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira. Ten a palabra o señor Carro, que a pedira anteriormente.

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Moitas gracias, señor Presidente.

Para manifesta--lo mesmo có señor Beiras: é dicir, que nomee vostede o número de Rexistro de entrada, porque é a única forma de localiza--la proposta de resolución.

(Apoiados).

Gracias.

O señor PRESIDENTE: A Presidencia procederá en consecuencia.

Proposta de resolución con número de Rexistro 11.496.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	32
Votos en contra	35
Abstencións	2

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada esta proposición.

Proposta de resolución n° 11.497.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 29
 Votos en contra 36
 Abstencións 4

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta resolución.

A proposta de resolución n°
 11.498 presentouse unha transaccio-
 nal, que está admitida a trámite e
 asinada por tódolos Grupos Parla-
 mentarios.

Rógolle ó señor Secretario que
 dea lectura á mesma.

O señor SECRETARIO (Núñez Ca-
 rreira): Preséntase a seguinte pro-
 posta de resolución: "O Parlamento
 insta á Xunta de Galicia a dirixir-
 se á Administración Central esixin-
 do o establecemento dunha negocia-
 ción ininterrompida ata lograr un
 acordo sobre o traspaso á Comunida-
 de Autónoma de Galicia das funcións
 e dos medios persoais, materiais e
 financeiros en materia de servicios
 sanitarios dependentes do Instituto
 Social da Mariña (ISM)".

O señor PRESIDENTE: Votación.

¿Votos a favor? (Pausa).

O señor PRESIDENTE: Queda apro-
 bada a proposta de resolución por
 unanimidade.

Proposta de resolución n°
 11.499.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 68
 Abstencións 1

O señor PRESIDENTE: Queda apro-
 bada esta resolución.

Proposta de resolución n°
 11.500.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 68
 Votos a favor 27
 Votos en contra 36
 Abstencións 5

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta proposta de resolución.

Proposta de resolución n°
 11.501.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos
 en contra? (Pausa). ¿Abstencións?
 (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-
 guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 27
 Votos en contra 35
 Abstencións 7

O señor PRESIDENTE: Queda re-
 xeitada esta resolución.

Proposta de resolución n°

11.502.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	27
Votos en contra	36
Abstencións	6

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada igualmente esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución nº 11.503.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	33
Votos en contra	35
Abstencións	1

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada a proposta de resolución nº 11.503.

Votación da proposta de resolución nº 11.504.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-

guinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	30
Votos en contra	36
Abstencións	3

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada a proposta de resolución nº 11.504.

Votación da proposta de resolución nº 11.505.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	33
Votos en contra	35
Abstencións	1

O señor PRESIDENTE: Queda rexeitada a proposta de resolución nº 11.505.

Votación das emendas do Grupo Palamentario Mixto a iniciativa de PNG. Votación do documento nº 11.506.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	27

Votos en contra 3
 Abstencións 29

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.506.

Deste mesmo Grupo Mixto, a iniciativa do PNG, documento n° 11.507.

Votación.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 43
 Abstencións 26

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.507.

Votación do documento n° 11.508.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 41
 Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.508.

Votación do documento n° 11.509.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 42
 Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada esta resolución.

Votación do documento n° 11.510.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 42
 Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.510.

Votación do documento n° 11.511.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 37
 Abstencións 32

O señor PRESIDENTE: Queda apro-

bada a proposta de resolución nº 11.511.

Votación do documento nº 11.512.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 40
 Abstencións 29

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución nº 11.512.

Votación do documento nº 11.513.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 38
 Abstencións 31

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución nº 11.513.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento nº 11.515.

Votación.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o se-

guinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 42
 Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución nº 11.515.

Votación do documento nº 11.516.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 42
 Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución nº 11.516.

Votación do documento nº 11.517.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
 Votos a favor 68
 Abstencións 1

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución nº 11.516

Votación do documento nº 11.518.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 41
Votos en contra 2
Abstencións 26

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.518.

Votación do documento n° 11.519.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 42
Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.519.

Votación do documento n° 11.520.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 42
Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.520.

Votación do documento n° 11.521.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 41
Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a proposta de resolución n° 11.521.

O señor PRESIDENTE: Votación do documento n° 11.522.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 40
Abstencións 29

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución n° 11.522.

Votación do documento n° 11.523.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 36

Votos en contra 3

Abstencións 30

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.523.

Resolución nº 11.524.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 42

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.524.

Resolución nº 11.525.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 42

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.525.

Resolución nº 11.526.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións?

(Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69

Votos a favor 42

Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.526.

Resolución nº 11.527.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos..... 69

Votos a favor 38

Votos en contra 3

Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.527.

Resolución nº 11.528 do Grupo dos Socialistas de Galicia.

¿Votos a favor? (Pausa).

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada por unanimidade a proposta de resolución nº 11.528.

Procedemos agora a vota—las propostas de resolución do Grupo de Coalición Galega.

Resolución nº 11.529.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións?

(Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 38
Abstencións 31

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.529.

Resolución nº 11.530.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 67
Votos a favor 40
Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.530.

Resolución deste mesmo Grupo nº 11.531.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 68
Votos a favor 37
Abstencións 31

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.531.

Documento nº 11.532.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 42
Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.532.

Resolución nº 11.533.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 42
Abstencións 27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.533.

Resolución nº 11.534.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 69
Votos a favor 41
Abstencións 28

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.534.

Resolución nº 11.535.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	36
Votos en contra	1
Abstencións	32

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.535.

Resolución nº 11.536.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	68
Votos a favor	42
Abstencións	26

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.536.

Resolución nº 11.537.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	67
----------------------	----

Votos a favor 36

Abstencións 31

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.537.

Resolución nº 11.538.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	42
Abstencións	27

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.538.

Resolución nº 11.539.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	69
Votos a favor	41
Abstencións	28

O señor PRESIDENTE: Queda aprobada a resolución nº 11.539.

Explicación de voto.

Señor Beiras, ten a palabra por cinco minutos.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, Señorías, o comportamento do voto do BNG acaba de ser,

en termos xerais, unha actitude positiva: sempre que nos pareceu posible, votamos afirmativamente as iniciativas, sen pensarmos en termos dos partidos que as propoñían.

De tódolos xeitos, ó mellor houbo algúns comportamentos se cadra un pouco anómalos. Por exemplo, do Grupo Parlamentario dos Socialistas abstivémonos respecto da iniciativa sobre a concentración parcelaria. Xa está ben; consideramos que xa se está facendo un esforzo suficiente en termos relativos na concentración parcelaria como para que se siga esixindo niso, e non, por exemplo, na reforma estrutural de cultivos alternativos ou de vías de uso alternativo da terra, que está iniciándose ó noso ver. Polo tanto, seguimos coa concentración parcelaria e, sen embargo, non imos a cousas que se poden facer sen necesidade da devandita concentración parcelaria. Pódense modifica—las estruturas productivas sen necesidade de concentración parcelaria. Insisto; será o discutible que se queira, pero o BNG di—so algo sabe.

Respecto da saúde mental, votamos que non, sobre todo por protexer a algúns membros desta Cámara.

(Hilaridade).

O señor PRESIDENTE: Entendo que é unha licencia.

O señor BEIRAS TORRADO: Naturalmente que é unha licencia oratoria, señor Presidente. Se non, segundo moitas opinións circulantes, o primeiro que tería perigo de ter necesidade de protección sería quen fala, que está moi tranquilo. Era unha licencia, pero no Parlamento estamos cansos de licencias deste tipo cando non se fan cousas demasiado importantes. Neste momento, non estamos facendo cousas demasiado importantes.

Tampouco nos parece moi claro como está o Plan Galego de Saúde

Mental. Poderíamos falar longo e tendido desa historia, pero noutra Sesión, naturalmente. Polo tanto, xa ve, señor Presidente, que non é só realismo máxico o que hai que utilizar moitas veces nesta Cámara. E máxico, pero é realismo. Creio que con isto queda explicada suficientemente a licencia oratoria.

No tocante ós cultivos mariños, non se di nada a prol de que se vai facer con iso. ¿E se se fai para que penetren as transaccionais de Noruega, por exemplo? Só faltaría que lle facilitasémo—lo traballo, e que ademais lles aforrasemos custos. Como nesa resolución non se especifican as condicións, por iso nos abstivemos.

Tamén nos abstivemos respecto dalgunhas de Alianza Popular, actualmente Partido Popular; non dunha maneira mecánica, como eles, senón por outros motivos. Respecto do alcoholismo, abstivémonos mentres se resolva a contradicción de por unha banda teimar en facer campaña contra o alcoholismo, e por outra seguir utilizando as queimadas como un signo propagandístico. Non comprendemos nada e supoñemos que iso será resolto igual ca se resolveu o cambio de denominación do Partido, na propaganda de don Manuel.

(Murmurios).

Parécenos que xa está ben de facer demagogia, e dígoo con toda sinceridade, señores do Partido Popular. As Comisións Labregas, concretamente de Lugo, saben moi ben, por exemplo, de onde veñen cousas das que agora se escandalizan, como o que pasa moitas veces co Plan de saneamento gandeiro e as cousas que se descubren. Sabemos moi ben como se facía, por exemplo, a distribución das resas que se importaban do extranxeiro e as trucaxes que se utilizan. Ademais, neste Parlamento o BNG presentou no seu día unha proposición non de lei —sobre todo referida á situación sanitaria do campo, polo menos na provincia de Lugo— coa base dun estudio feito

na Mariña lucense. ¿Non sei se os Señores Deputados se lembran? Polo tanto, non quero falar de pasados, pero a demagoxia ten un límite, insisto.

Respecto das Universidades, do Plan de dinanciación, iso é puro oportunismo. Señores do Partido Popular, primeiro aclárense do que pensan sobre as Universidades, que eu non o sei. Polo tanto, parécenos absolutamente oportunista, máxime cando dentro de poucos días seguramente, por forza, se vai empeza--lo debate sobre a Lei de Universidades. Entón saberémo--lo que pensa cada quen.

Estas son as razóns das nosas posturas de voto. ¿Que son absolutamente cuestionables? ¡Por suposto!, pero son as nosas.

Remato, señor Presidente, só dicindo que é mágoa que non se apoiase a iniciativa nosa sobre a Comisión Mixta para as vías de comunicación. E dicir, que non se lle dea campo de actuación ó Parlamento en uso das súas atribucións, sen interferir coas iniciativas do Goberno e co campo de atribucións do Executivo. Iso é moito máis razoable cás cousas que se dixeron aquí, e o idioma é increíble.

¿Vostedes non se dan de conta que, por exemplo, na Televisión Galega ocorre que hai locutores que se nota que só están falando galego cando están diante do micro? Aí veñen os problemas. E nesta Cámara ocorre, en moitos casos, outro tanto; no funcionariado ocorre outro tanto, e non nos tomamos en serio a normalización do idioma. Señorías, se case ninguén desta Cámara está disposto a apoiar unha resolución tan simple, tan posibilista e tan meramente exemplarizadora coma a que nós presentamos, entón, non comprendo nada. Se cadra, teño que falar en español para que me entendan.

Gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Mella.

O señor MELLA VILLAR: Señor Presidente, Señorías, procurei votar con toda conciencia escapando, como dicía o señor Beiras, do voto mecánico e intentando facer un enorme esforzo de humildade. Aquí o certo é que, despois do debate da nación, se nos presentan resolucións que, con tódolos respetos, non están á altura do debate que houbo. Porque, por exemplo --e non é por meterme co meu amigo, Pepe Peña, que non está--, cando unha das resolucións é remata--lo censo de pescadores de baixura, eu penso que iso é unha cuestión do Goberno que non ten nada que ver cun debate do Estado da nación. Por iso votei a Lei de Saúde Mental, porque evidentemente me parece que esa empeza a facer falta neste Parlamento, con moita seriedade.

Respecto das outras votacións, eu penso que hai que botarlle un pouco de optimismo. Sobre o Proxecto de Lei de financiación de Universidades de Galicia, señor Presidente --non lle quixen contestar onte ó tema--, vostede sabe pouco disto, dígollo con toda tranquilidade. Se presentasen vostedes un Plan de financiación das Universidades, estou de acordo con vostedes, pero se me presentan a lei, sentíndoo moito, teño que dicir que non. Se é plan, niso estamos de acordo.

Non podo votar a favor, por simple ética persoal, a que remate a negociación da transferencia do INSALUD. Señor Suárez Vence, era vostede Conselleiro de Sanidade e eu era Vicepresidente e volvíannos tolos no ano 1983 presentándonos propostas de resolución establecendo que a transferencia do INSALUD debía esta--lo 31 de decembro do ano 1983. Estamos no ano 1989, e volvemos vota--lo mesmo. Eu xa votei naquela ocasión, no senso de que no ano 1983 estivese o INSALUD. E eu fago como os españois, que cando "beso", "beso" de verdade.

Quero dicir que se voto unha vez, pois voto e remato o tema.

Votei tamén en contra do transporte ferroviario e de alta velocidade, por unha serie de razóns. Primeira, porque o Presidente de RENFE dixo que se pasaría por riba do seu cadáver antes de te-la vía europea. Economicamente é así, pero politicamente chegouse á conclusión de que hai que poñe-la vía europea, o cal vai significar non só un custo económico, senón un descontrol tan violento do transporte español que imos ver como saímos da allada. Pero o certo é que está aí. El dixo que pasarían por riba do seu cadáver. Despois decidiu resucitar --cousa que me parece lóxica-- e aceptou o ancho de vía normal. Eu bótolle un pouco de humor, señor Presedo: en Galicia non necesitamos --xa temos-- trens de alta velocidade, sobre todo cando van costa a abaixo.

(Hilaridade).

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, imos ver se me aproveito do ronsel deixado polo noso colega Carlos Mella. En todo caso, señor Mella, recorde que un dos que lle presentaba resolucións sobre o INSALUD, no ano 1983, era eu, precisamente. Tocoume esa desgracia, tamén presentar ese tipo de resolucións.

Señorías, acabamos de celebrarlo debate sobre o Estado da nación galega. Creo que a pretensión da oposición, de que houbera resolucións --que foi atendida loxicamente pola maioría na Xunta de Portavoces e tamén polo Goberno--, foi o que lle deu senso a este debate. O tema en si mesmo ten importancia, pero a presentación de resolucións e a súa discusión, a votación en si mesma --por moi tediosa que se fa-

ga--, dálle un senso distinto ó debate sobre o Estado da nación galega. En todo caso, creo que este debate, por unha serie de motivos, é dunha grande pedagogía para o noso pobo. Efectivamente foi bo que empezase este Parlamento, nesta Sede, cun debate sobre o Estado da nación galega. Sería mellor aínda que empezase co primeiro Pleno no mes de febreiro, que é cando lle corresponde segundo a Lei da Xunta e do seu Presidente.

Teño que manifestar que houbo unha absoluta negativa por parte dos Grupos do Goberno a negociar co PSG--EG calquera resolución. E dicir, pretendían, Señorías, que votasemos sen máis, que negociasemos de tal forma que a negociación supuxese vota--las resolucións deles. Votámo--la maioría, pero o noso voto non se negocia. Evidentemente, o que iamos negociar eran as resolucións, para facelas conxuntamente transaccionais. Non houbo, polo tanto, ningún tipo de negociación, e a suspensión que houbo desde esta mañá, desde o noso punto de vista, foi absolutamente inútil. A colleita dos demais Grupos foi ben cativa, como todos coñecemos.

Negáronse mesmo a facer unha transaccional en algo que evidentemente é unha proposta feita manifestamente polo PSG--EG, no senso de ter 212.000 millóns de pesetas, de apoios, axudas e subvencións da CEE, antes do 31 de marzo. Está no Boletín do Parlamento. Negáronse mesmo a facer unha fórmula transaccional sobre algo tan evidente onde o noso Partido tivo --como puido ser outro partido-- a iniciativa. Pero, a pesar disto, nós votamos libremente a favor de todo o que é beneficioso para Galicia, como foi posto de manifesto no acto que acabamos de celebrar. Claro está, fíxemolo sen ambigüidades sobre as cuestións básicas, as autovías antes do 92, o Plan de Desenvolvemento antes do 31 de marzo, etc. Votamos en contra, claro, cando non se definía o que realmente é importante. Sobre as cuestións básicas pedimos claridade e seriedade, en to-

do caso.

Sobre todo en relación coas propostas do PSOE, votamos dez a favor e en dúas das que dixen antes votamos que non. O PSOE votou en contra da tódalas nosas. Polo tanto, ten unha postura obstruccionista manifesta, despois dun acto tan solemne como é este sobre o Estado da nación. Votaron en contra cuestións importantísimas, sobre as infraestructuras e a súa concreción temporal, mesmo sobre o Plan Galego de Emprego, tan necesario, que debe estar dentro do Plan de Desenvolvemento. Eu pregúntome, neste senso, ante esta negativa do Goberno, se é certo que este constitúe o único obstáculo que existe neste momento en Galicia para lograr un consenso, un acordo sobre os grandes problemas que nos preocupan e que foron manifestados neste debate.

Votaron en contra, mesmo, dun acordo nacional galego; do Plan Galego de Emprego; das prioridades nas autovías, señor Barreiro, que era unha resolución nosa. Pregúntome se moitas veces o nacionalismo non será simplemente nominalismo. O das Autonomías era unha cuestión que nós acollemos satisfactoriamente, que foi manifestada onte aquí, e que incluimos nas nosas resolucións. Votaron en contra das autovías antes do 92; tamén do ferrocarril; do gas. Votaron en contra sendo a nosa resolución coincidente exactamente coa resolución do Goberno. Nós votamos a favor da do Goberno, evidentemente. Polo menos poderíamos chegar a un acordo sobre iso. E ten que ser antes do 31 de marzo, se non non hai Plan, Señorías; sexamos conscientes diso.

Señores do PNG, votaron vostedes en contra de algo que lles é tan querido, a cuestión municipal; de que o Fondo Nacional de Cooperación Municipal teña na súa aplicación en Galicia, como mínimo, o que nos corresponde segundo a poboación. Votaron en contra diso, tamén todo o mundo votou en contra da Comisión Mixta de Transferencias, que non se reúne desde hai un ano.

Creo que a maior parte destas emendas deberían ser asumidas simplemente porque corresponden a cuestións que debían formar parte dun certo corpo que nos definise a tódolos partidos galegos. As diferencias, evidentemente, xa son noutras cuestións. Nós, por exemplo, pedimos soberanía nacional de Galicia e pedímo--lo socialismo democrático. Outros partidos non o piden. Neste momento estamos en cuestións que son nacionais galegas. O Goberno Galego está votando en contra de cuestións nacionais galegas, a algo que xa é un clamor popular.

Existe unha enerxía na sociedade galega que non é aproveitada.

(Ocupa a Presidencia o señor Cordeiro Rodríguez).

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): Perdón, señor Nogueira, esgotouse o seu tempo.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Acabo xa, nun minuto, señor Presidente.

Nestes días lía un libro da escritora Marguerite Yourcenar, no que se falaba sobre o ioga tântrico, o libro de relatos e o tempo de escultor. Decía que a enerxía pode ter unha utilización positiva ou negativa. Manifestaba isto cunha imaxe que me parecía apropiada, dicía que a electricidade o mesmo pode electrocutar a unha persoa que acende--la lámpada dunha habitación. Pois ben, esta enerxía, que existe na sociedade galega, debe ser utilizada a favor de reivindicacións que me parecen absolutamente elementais. Coido que non facemos nada bo se lle dámo--las costas a estas reivindicacións.

Os sentimentos da sociedade galega están aí, e non foron atendidos. E en todo caso, Señorías, esta circunstancia ademais prodúcese nun momento político crucial do Estado, onde resulta que Galicia é a única Comunidade Autónoma que non está presente na negociación que se está

realizando para ter un auténtico autogoberno. O responsable de non estar presente --e acabo xa, señor Presidente-- é neste momento unicamente o Goberno Galego. Eu sinto moito que sexa así.

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): Señor Olives, pode intervir.

O señor OLIVES QUINTAS: Señor Presidente, moitas grazas.

Indubidablemente, despois de producirse a votación, houbo un certo xiro sobre o que foi realmente o debate; houbo, mesmo, moitas sorpresas. Obviamente non sorprendeu o tipo e tradicional humor de don Carlos Mella nas súas exposicións. O que si me sorprendeu é que realmente ten unha fonda indisciplina, posto que non coincidiu, me parece que nin unha soa vez, co voto do seu compañeiro de Grupo.

(Murmurios).

En calquera caso, dáme a impresión de que ás veces pois non está como moi atento, porque, realmente, don Carlos Mella, non se votou afirmativamente a Lei de financiación de Universidades; o que se votou --que vostede o fixo en contra e quería votar a favor-- foi o Plan de financiación para as dúas Universidades.

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): Perdón, señor Olives, rógoille que explique o seu voto, non o do señor Mella ...

O señor OLIVES QUINTAS: Disculpe, señor Presidente.

Quixera facer unha consideración máis ampla, no senso de que, obviamente, estamos diante dun novo estilo, dunha forma de entender--lo exercicio democrático. Entendo que este debate foi unha proba evidente dese meu estilo, desa forma de ac-

tuar en política, como exercicio máis puro da democracia parlamentaria.

E dito isto, considero que as nosas votacións foron as que foron. Pero atendendo ás votacións que se produciron, dáme a impresión de que a discrepancia está un pouco máis da parte do Goberno cara ós Grupos da oposición, ca da mesma oposición ós Grupos de Goberno. Foi todo o contrario do amosado no debate de onte, ata tal punto que as propostas de resolución feitas polos Grupos de Goberno non é que tan só fosen aprobadas, senón que practicamente non tiveron votos en contra agás moi poucas excepcións, e unha votación en contra, nimia, pequena. Isto para min, para o noso Grupo, ten unha conclusión: os Partidos que apoian o Goberno coñecen a realidade deste país, e propoñen con atino solucións que, polo que se ve, son aceptables e asumidas por tódolos Grupos da Cámara. Pode entenderse que algún voto fose mimético ou houbese votación mecánica. Pode que si, pero, cando menos, aínda sendo así, está claro que os señores do Partido Popular aceptan como boas --aínda que sexan distintas ás que puideron propoñer-- as feitas polos Grupos do Goberno.

Polo tanto, o panorama de hoxe entendo que é distinto dalgunhas acedas ou acres críticas que se produciron onte desde esta Tribuna; creo que realmente é ben distinto.

En canto ó tema de negociación das propostas de resolución, eu entendo que cando se negocia ou se intenta negociar, hai que ir coa firme crenza do que un propón, pero tamén co suficiente talante de humildade para se prestar á negociación. Desde posturas altivas e roqueiras, dificilmente se pode chegar a unha negociación. Simplemente se necesita a vontade de ámbalas dúas partes; necesítase a firmeza do que un cre, pero tamén a humildade para ceder en cada momento.

Nós non votamos en contra do Fondo de Cooperación Municipal, se-

nón todo o contrario, fixemos unha proposta de resolución moitísimo máis ampla, que se refire concretamente a sentar as bases para o novo sistema de financiamento, dado que o actual remata en 1991. Polo tanto, aí poderíamos incluír unha cuestión moito máis ampla, e díxeno esta mañá: non simplemente acadalo que é a media española por habitante, senón superala, porque entendemos que o déficit actual supón unha necesidade dun maior incremento có que lles corresponde ó resto dos municipios do Estado Español.

E respecto do tema do idioma, polo menos pido desculpas, porque este Deputado e o seu Grupo tiñan a intención de chegar a unha transaccional co señor Beiras neste senso, aceptando polo menos dous dos tres apartados que propoñía. Pero parece ser que houbo unha certa distorsión ou mal entendido, porque quedou sen transaccionar, quizais non por falta de posible entendemento, senón por non chegar a concretizar ó falar deste tema. En calquera caso, digo que dous dos apartados que propón o señor Beiras son perfectamente asumibles, e ademais son complemento da lei.

E dito isto, máis nada, señor Presidente.

(Pide a palabra o Deputado señor Mella).

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): ¿Para que pide a palabra, señor Mella?

O señor MELLA VILLAR: Señor Presidente, á parte de haber alusións persoais houbo unha afirmación de que eu non sabía o que votaba. Pido un minuto para explicar ese feito.

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): Esta Presidencia entende que nin a Súa Señoría nin o seu Grupo foron aludidos peiorativamente.

(Hilaridade).

O señor MELLA VILLAR: Eu fun aludido. Señor Presidente, síntoo moito, pero fun aludido, e gravemente sobre a miña competencia parlamentaria. Sigo rogando un minuto para esa explicación.

O señor PRESIDENTE: Non por alusións, senón para precisións, pero evite alusións que provoquen outro debate.

O señor MELLA VILLAR: Si, señor Presidente.

Miren vostedes, púxenme serio, pero a cousa non é seria.

Que vostede, señor Presidente, e mais eu votemos en diferenza é unha cousa lóxica e normal, tendo en conta as tendencias que pode haber dentro de cada partido. Pero o triste é que se me acusa de que non sei o que voto. Mire, eu teño o feixe de resolucións aquí; o señor Olives non. E o señor Olives, cando vostede poñía a votación a proposta 11.522, preguntábame: "¿que di?". E eu líalle a 11.523. Era el quen non sabía o que votaba.

(Hilaridade).

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): ¡Orden, señores Deputados!

Ten a palabra o señor Sánchez Castiñeiras.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor Presidente, Señorías, eu quixera facer unhas breves reflexións sobre este longo día dedicado ó debate respecto do Estado da nación, que realmente hoxe remata coa votación das resolucións.

Quero facer esta análise por-

que, ó meu xuício, unha alta porcentaxe de tódalas iniciativas que aquí se presentaron está xa aprobada, ben apoiada por tódolos Grupos, ou polos Grupos que apoian o Goberno. Por conseguinte, ó meu xuício, podía dicir que un 95% das proposicións que aquí se presentaron foron aprobadas con distintos textos, sen dúbida, pero o fondo da cuestión é un camiñar que comenza agora para Galicia.

¿Por que algunhas non se votaron? En primeiro lugar, como dicía, porque a maior parte delas estaban recollidas, ben no Grupo de Coalición Galega, ben no Grupo do PNG, ou ben do Grupo Socialista; con distintos textos, con distinta forma de exposición, pero o fondo era o mesmo. Por outra banda, había outro tipo de proposicións que realmente non as podíamos votar, porque era o recoñecemento dunha deficiencia de actuación en cuestións que claramente foron debatidas nesta Cámara, e que se están a realizar dunha forma continuada, permanente e eficaz.

Non podo estar de acordo co Señor Nogueira cando di que non houbo negociación. Nós estivemos sentados co señor Nogueira para chegar a un acordo nalgunha delas, pero o que non pode ser é tratar de impoñe-lo texto que el traía. Onte pola noite o señor Nogueira entregou o seu discurso a tódolos Portavoces dos Grupos Parlamentarios. Dixo: "Aí está o meu discurso, aí están as propostas que debían saír deste Parlamento". Nós, por botarlle unha man, recollemos moitos dos puntos que senalaba e presentámoslos como resolucións. Por conseguinte, que non diga que non houbo negociación.

Por outra banda, tampouco é certo o que di o señor Nogueira de que hai tantos aspectos no tema das autovías, que é unha emenda concreta de Coalición Galega. Non me diga que hai moita diferenza entre o que vostede propón e o que nós propoñemos. O que nos importa é que haxa autovías, e a resolución foi aprobada para que as teñamos, o

máis axiña posible.

Pódolle dicir, por exemplo, que votamos en contra doutras moitas das súas proposicións porque están aí perfectamente reflexadas. Concretamente, a dos ferrocarrís está aquí reflexada nunha emenda de Coalición Galega, a 11.537. Por coseguite, se nós temos unha emenda, lóxicamente, tanto pola redacción coma polo estilo de presentación, inclinámonos pola nosa. Xa sabemos todos que é tremendamente inflexible, é dicir, vostede para cambiar unha coma...

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): Señor Castiñeiras, non faga xuicios de valor sobre persoas. Vostede está facendo unha valoración sobre a persoa do señor Nogueira.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Non señor, estaba referíndome á exposición do señor Nogueira. Pero, moi ben, pode ter razón.

Como digo, esta foi a nosa intención: tratar de acadar un maior consenso para obter aquí unhas resolucións de algo que lle importa fundamentalmente a Galicia. Noutros temas había cuestións de fondo, como algunhas por exemplo do Grupo Popular. Concretamente, deste Grupo hai unha que pide a reestructuración dos Servicios Veterinarios. Xa se debateu nesta Cámara e sabemos que se está levando a adiante. Por conseguinte, non ten senso.

E logo hai outro aspecto desta mesma emenda que, si, é unha cuestión importante de fondo, onde pide que se aumenten as indemnizacións polos sacrificios das reses. Nós non estamos por esa política, entendemos que hai que protexer-la saúde e non potencia-la enfermidade. Por conseguinte, o que se ten que facer é o relativo ó saneamento gandeiro, que se está levando a adiante. Creo que todo o que sexa prima-la enfermidade non é bo para o desenvolvemento da nosa cabana.

E logo, por exemplo, outro punto concreto: o tema de actuación sanitaria nas áreas de Vigo, Santiago, etc. Saben vostedes que foi debatido tamén na Cámara, e estase levando a adiante. Por conseguinte, creo que a actuación de Coalición Galega neste intre foi absolutamente obxectiva, tratando de buscar un achegamento para acadar iso que a todos nos importa, que este país camiñe, que vaia a adiante, porque é a responsabilidade de todos nós, e desde logo, por suposto, dos que estamos militando nun partido nacionalista.

Máis nada e moitas gracias.

(Pide a palabra o señor Nogueira).

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): ¿Para que pide a palabra, señor Nogueira?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, para contestar a un calificativo.

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): Perdón, señor Nogueira, ...

O señor NOGUEIRA ROMAN: E para unha cuestión de orde, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE (Cordeiro Rodríguez): Para unha rectificación, ten a palabra por un minuto.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Menos de un minuto, señor Presidente.

Señor Presidente, Señorías, o señor Sánchez Castiñeiras aludía á miña intransixencia. Pouco antes de empeza--lo debate aquí estivemos sentados con el e co señor Carro; eu acompañado polo meu compañeiro Martínez Randulfe. Como resultado da unión, onde non houbo negocia-

ción, como dixeran antes, nós votamos a favor das resolucións presentadas polo Goberno, e eles votaron en contra das nosas, mesmo cando eran iguais. Nós votamos a favor das dúas, e o señor Sánchez Castiñeiras votou a favor das do Goberno e en contra das nosas. A intransixencia, evidentemente, está aí. A diferenza non está nesta calificación; a diferenza é que el está hipotecado no Goberno e nós votamos libremente.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, rematou a súa intervención.

Señor Carro, pode intervir.

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Muchas gracias, señor Presidente.

Quisiera comenzar mi intervención agradeciendo al señor Camilo Nogueira la explicación de nuestro voto, pero con una observación: siempre lo explica al revés.

Mire usted, señor Nogueira, la ironía, sin molestar, sí que es unha cuestión de personas inteligentes. Siempre es una cuestión de personas inteligentes.

La gran ventaja de un Parlamento democrático consiste en expresar la pluralidad de voces de la sociedad, y saberlas unificar cristalizando propuestas de resolución. La responsabilizan del Gobierno consiste, precisamente, en ejecutar estas resoluciones. El Parlamento fija los grandes objetivos, y el Gobierno y la Administración se responsabiliza en ejecutarlos. El Parlamento como función fundamental tiene la de expresar objetivos comunes donde, evidentemente, debe unirse la pluralidad política y la opinión que hay en la propia sociedad. Pues bien, Señorías, yo creo que ése es un ejercicio democrático que aquí se ha realizado, y que aquí ha cristalizado.

¿Y por qué digo esto al explicar nuestro voto, señor Presidente?

Porque si repasamos los resultados de las votaciones comprobaremos como prácticamente todas las propuestas de resolución han sido aprobadas con prácticamente ningún voto en contra. Eso hay que resaltarlo. Yo creo que todos los señores Diputados debemos celebrar que, por primera vez en este Parlamento, propuestas de resolución de la importancia que hoy hemos aprobado, lo hayan sido prácticamente sin ningún voto en contra. Señorías, esto es importante, por primera vez en este Parlamento nos encontramos con un mínimo común denominador, con una base democrática común, con una base política común, con unos objetivos políticos comunes, con un sentido institucional de hacer política aquí, en Galicia. ¿Por qué nos hemos encontrado con este resultado? Muy sencillo. Cuando nosotros analizamos las propuestas de resolución hemos tenido mucho cuidado en estudiar detenidamente las intervenciones de todos los señores Portavoces que han hablado en esta Tribuna.

Se deben señalar dos limitaciones: primero, que las propuestas no fueran contradictorias con la política de Gobierno, cosa que es obvia, y, en segundo lugar, que las propuestas no fueran contradictorias entre los Grupos Parlamentarios entre sí. Creo --y es obvio que esto se ha conseguido-- que las propuestas que hemos aprobado ni son contradictorias con la política del Gobierno, con el discurso que ayer ha pronunciado el señor Presidente, ni por supuesto son contradictorias en todos los Grupos Parlamentarios. Digo, y el panel de votaciones lo puede testimoniar, que se han aprobado sin ningún voto en contra, salvo algunas abstenciones de significado político variado.

Significa esto que por fin hemos logrado un mínimo común denominador democrático, unos objetivos comunes, de los cuales el Gobierno, que apoya nuestra mayoría, debe sentirse orgulloso, señor Presidente, y hay que decirlo con absoluta sinceridad.

No hemos apoyado algunas propuestas porque realmente ya estaban en el transcurso de la política ordinaria de este Gobierno. Voy a poner solamente un ejemplo, del Grupo Popular veo aquí una propuesta de resolución que nosotros, en los términos literales en los que se había presentado, no tendríamos mayor inconveniente en apoyar. Me refiero, por ejemplo, a la política de agricultura de montaña. Pues bien, tenemos que decir que no tuvimos necesidad de votar a favor de esta resolución, relativa a la agricultura de montaña, porque la Consellería de Agricultura ya comenzó el año pasado un programa de agricultura de montaña, en el que se van a invertir --y se invirtieron ya en el año 88-- 4.700 millones de pesetas. Ese monto fue destinado a obras de infraestructura rural, que cuenta con un 50% de subvención de la cofinanciación procedente de la Comunidad Económica Europea. Es más, dentro de este programa de actuaciones en agricultura de montaña, están previstos algo más de 11.000 millones de pesetas en el período que va de 1989 a 1992, que van a tener, por supuesto, como es normal, una cofinanciación del 50% por parte de las autoridades comunitarias.

Pues bien; ustedes comprenderán que es legítimo que yo, desde esta Tribuna, manifieste que esto ya lo empezó a realizar este Gobierno. Hay que decirlo con absoluta claridad, porque éste es un problema que ya está en vías de solución.

Hablemos, señor Nogueira, de otros problemas. Esta Comunidad, como cualquier sociedad civil, tiene planteados muchos problemas y nuestra obligación es situarlos en el camino de la resolución. Eso no significa que nosotros hagamos guillotina, ni trinquemos las propuestas de resolución que propongan otros Grupos Parlamentarios. Lo que no puede proponer, señor Nogueira --y sabe que le estimo profundamente--, es que unos Grupos mayoritarios, que representan el apoyo de este Gobierno, se tengan que some-

ter a la literalidad de sus propias propuestas de resolución para que usted venda la mercancía política de que el Gobierno y los Grupos mayoritarios, que son 36 Diputados, han negociado con un Grupo que tiene un nivel numérico como el que usted sabe perfectamente.

La contradicción es aún más grande cuando usted ha manifestado en este propio Parlamento que la negociación puramente se circunscribía a la literalidad de las propuestas. Lo acaba usted de decir hace pocos minutos, y aquí somos todos testigos. Si realmente había que negociar la literalidad de cualquier propuesta, usted comprenderá que no valía la pena ni siquiera sentarnos en el despacho de aquí al lado.

Termino ya, señor Presidente, celebrando que de alguna manera hayamos llegado a unos objetivos comunes, que comprometen al Gobierno. Yo animo a este Gobierno a que, una vez levantada esta Sesión, trabaje profundamente para que estos objetivos aprobados por este Parlamento puedan situar a Galicia en el contexto de desafío de estos años que van a venir, que son, creemos todos, decisivos para el futuro de nuestra Comunidad.

Nada más y muchas gracias, señor Presidente.

(Pide a palabra o señor Beiras Torrado).

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, ¿para que pide a palabra?

O señor BEIRAS TORRADO: Para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Formúlea, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ¡Por Deus, señor Carro! Non provoque que teña que empezar eu aquí a racha de peticións de traducción simultánea

da era do señor Rajoy. E digo "por Deus" en invocación, como antes o fixen en consideración á Presidencia e ás súas crenzas.

Gracias.

(Pide a palabra o señor Carro Fernández--Valmayor).

O señor PRESIDENTE: ¿Para que pide a palabra, señor Deputado?

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Para una cuestión de orden.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Deputado.

O señor CARRO FERNANDEZ--VALMAYOR: Mire usted, señor Beiras, he de confesar, y lo confieso por primera vez --con ironía y sin molestar, por supuesto, siempre lo comprendo--, que a veces a propósito utilizo el castellano, porque este Reglamento utiliza y permite utilizar dos lenguas. Lo hago absolutamente a propósito, usted lo sabe y Sus Señorías también lo saben.

Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor Presidente, Señorías, nós votamos que si a dúas propostas de resolución formuladas polo Partido Socialista, non en xusta reciprocidade a dúas que os equipos que apoian o Goberno admitiron das nosas, senón simplemente para que a concentración parcelaria en Galicia, contra o que se di, comence a andar. Unha delas refírese á concentración parcelaria, deixa de ser papel e empeza a ser realidade. En segundo termo, cando vostedes falan dos fondos estruturais da Comunidade Económica Europea, e fixan unha cifra, e falan da petición ex-

hibindo a personalidade de Galicia para tal efecto, pois por certo que nós témonos que mostrar absolutamente de acordo, e como tal o fixemos.

Quérolles dicir agora que me dá a impresión de que a última viaxe feita a Madrid liberalizou as súas posturas, señores do Goberno, no senso de que agora xa lles está permitido dicir que si a aquilo que tan reiteradamente viña reivindicando a oposición e que tamén con esa mesma teima, con que a oposición reivindica, vostedes dicían constantemente que non. Vostedes xa poden dicir que si a todo o tema das infraestructuras, e mesmo propoñelo como iniciativa de vostede, como se fose un invento do Goberno Galego neste momento. Entón, a partir de aí, ¡Deus dirá! ¿Que o Goberno Central o fai ben?, ¿que non o fai? Por diante e proximamente hai unhas eleccións; en todo caso non se queda mal publicamente.

Por iso o que lles quero dicir é que neses temas esenciais nós preferimos asumi-la nosa propia postura, exclusivamente, en primeiro lugar, porque era infinitamente máis ambiciosa cás súas formulacións; en segundo lugar, que se nos diga en 1990, desde esta Tribuna, que van comenzar esas obras de infraestructura que tanto demanda Galicia, pois ben, é case pedirnos un acto de fe, crer no que non vemos.

Porque no "Plan General de Carreteras", non figuran; no "Plan puente 92-93", non figuran; nos Presupostos Xerais do Estado, non hai nin a mínima consignación, con virtualidade plurianual, aínda que só sexa unha peseta. Poderíase dicir que para o ano que vén pode haber moitos millóns e para o outro moitos máis. Tampouco existe; estamos diante dun acto de fe e este tipo de xogos nós non os queremos admitir. Por iso votamos abertamente abstención ante esta situación.

¿As nosas abstencións de onde viñeron? Viñeron, señor Presidente do Parlamento, de peticións tan cu-

riosas como que se instase a que se fixese un plan de saneamento das rías, un plan de instalacións deportivas, un plan de non sei que, outro plan de non sei canto. ¿Que significa isto? Dúas cousas: ou que xogan ó electoralismo, é dicir, aprobamos aquí unha serie de resolucións, mediante as cales se vai dinamiza-la vida política do país, exhibindo plans de investimentos, etc., e entón é puro electoralismo; ou, en segundo lugar, xogan vostedes a dicir que o seu Goberno non leva feito nada de nada. E que mesmo vostedes teñen que vir a esta Cámara a dicir, nós, Goberno, requirímonos a nós, Goberno, de actuación de cara á rúa. Iso é así, porque os Grupos Parlamentarios que os apoian ben saben vostedes que obviamente obedecen ós dictados deste Goberno, xa que non teñen autonomía, que eu saiba. Polo tanto, o Goberno estase referindo ó Goberno, a si mesmo, sobre unha actuación en determinadas actividades que, por certo, lles digo que ademais non necesitaban de resolución desta Cámara, porque son tarefas típicas da función do Executivo, e non do Parlamento. Que vostedes redacten un plan con cargo ás consignacións presupostarias existentes, e o poñan en execución, señores do Goberno, iso é gobernar, e se isto ata agora non o fixeron e necesitan que esta Cámara lles diga que o fagan, é evidente que están confesando palmariamente a súa ineficacia contra todo o que se dixo desde esta Tribuna.

Outra observación. Paréceme que tería que explica-la explicación de voto do señor Castiñeiras, é dicir, explicala eu, ou que nola volvía explicar el. Verdadeiramente, non logrei entendela, porque iso de que se nos diga que se arrebatou o discurso do señor Nogueira para tomar e entresacar do mesmo as propostas de resolución que dixo Coalición Galega, é algo que verdadeiramente non se comprende, pero ó parecer acaeceu.

En todo caso, cando se nos deu a explicación de por que non se vo-

tou afirmativamente ó saneamento gandeiro, e manifesta que se traballa pola saúde, e que por iso non se pagan as vacas enfermas senón que o que se pretende é curalas, digo que non é así, señor Castiñeiras. Vostedes pagan as vacas, aínda que de xeito cutre. Nós o que pretendíamos era que as pagasen con normalidade.

Moitas gracias, señor Presidente. Máis nada.

(Pide a palabra o señor Presidente da Xunta).

O señor PRESIDENTE: Señor Presidente, ¿para que pide a palabra?

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Para falar, en nome do Goberno.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (González Laxe): Señor Presidente, Señorías, moitas gracias.

En primeiro lugar, quero agradecerlles a tódolos Grupos Parlamentarios o ánimo integrador co que, durante estes tres días, tivemos oportunidade de enfocar e encarar--los problemas de Galicia neste debate. Recoñecemos--lo ánimo integrador dos Grupos Parlamentarios que puxeron en riba da mesa, e ó carón dos micrófonos e desta Tribuna, esa posibilidade de discutir en prol da problemática e das solucións do noso país. O mesmo tempo, tamén, agradece--lo carácter conciliador das tarefas parlamentarias, que puxeron a proba unha vez máis esa grande posibilidade de diálogo entre diferentes opcións políticas, cun ánimo constructivo e tamén positivo para o país.

Quero tamén facer mención dese ánimo de tarefa colectiva á conciencia da propia sociedade sobre os problemas que temos, coma ó es-

forzo por atopar solucións para resolvelos. Quero tamén manifestar que a democracia parlamentaria serve para poñer de manifesto todas cantas accións sexan necesarias para o rexurdir do noso pobo.

En nome do Goberno, síntome satisfeito dese traballo. Non só formulamos problemas e tamén iniciativas, senón que aquí, no debate e nas resolucións xa aprobadas, se marcaron unhas prioridades que coinciden coas propias tarefas encomendadas pola propia decisión do Goberno. Pero no día de hoxe tamén se conxugan as propias iniciativas doutros grupos políticos coas tarefas emprendidas polo meu Goberno. Creo que traballamos con realismo. Non se fixo un diálogo que fose estéril, nin unha discusión que non tivese ningún froito a curto prazo; ó revés, traballouse cun realismo pragmático, cunhas tarefas típicas de Goberno, porque gobernar significa administrar con eficacia.

Señor Presidente, Señorías, Castelao dicía: "Galicia deixará de loitar pola súa liberdade cando a consiga". Agora quizais teñamos que dicir: "Galicia continúa a loitar pola súa construción".

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señorías, esgotada a Orde do Día, levántase a Sesión.

Levántase a Sesión.

Eran as dezaioito e cincuenta e oito minutos da tarde.